



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Estudos Lingüísticos e Literarios: Grao en Galego e Portugués

Facultade de Filoloxía

**Análise da situación sociolingüística do
concello de Arzúa**



Autora: Uxía García Conde

Titor: Xosé Ramón Freixeiro Mato

Xuño, 2020

Índice

1. Introducción.....	1
1.1. Obxectivos.....	1
1.2. Metodoloxía.....	2
2. O Concello de Arzúa e a situación lingüística actual.....	4
3. Análise cuantitativa	8
3.1. Usos lingüísticos na poboación	8
3.1.1. Lingua habitual por idades	10
3.1.1.1. Lingua habitual nas crianzas	11
3.1.1.2. Transmisión interxeracional	14
3.1.2. Lingua habitual segundo o lugar de nacemento.....	17
3.1.3. Lingua habitual por ámbitos de uso	19
3.2. Usos lingüísticos no comercio local.....	22
3.2.1. Lingua habitual dos empregados e das empregadas	23
3.2.2. Lingua habitual cara ao público	24
3.2.3. Lingua habitual de promoción do establecemento	25
3.3. Actitudes lingüísticas	26
4. Análise cualitativa	29
4.1. O galego no ensino	30
4.2. A lingua como motivo de discriminación	31
4.3. A lingua no Concello de Arzúa	33
4.4. Os Servizos de Normalización Lingüística.....	33
4.5. O galego normativo	34
4.6. O bo ou mal uso do galego	35
4.7. O galego na vila e na cidade	36
4.8. O futuro da lingua.....	37
4.9. Imposición do galego	38
4.10. Galego e portugués.....	39
5. Conclusións	41
6. Bibliografía	43
Anexo I.....	47
Anexo II	51
Anexo III	53
Anexo IV.....	57

Resumo

O concello de Arzúa, situado no centro da Galiza e con pouco máis de 6000 habitantes, presenta, a simple vista, unha situación favorábel ao galego; con todo, nos últimos anos o descenso no número de falantes tamén se fixo notar neste concello.

O obxectivo principal deste traballo é analizar a situación sociolingüística do concello de Arzúa, prestando atención aos usos lingüísticos e ás actitudes dos e das falantes cara á lingua. As metodoloxías empregadas para tales propósitos foron a análise de tipo cuantitativo, que se realizou a través de inquéritos, e a análise de tipo cualitativo, para a que se organizou un foro de debate por internet en que participaron 20 persoas de Arzúa, nadas ou residentes no concello.

O traballo, dividido en dúas partes principais, dános información sobre os usos lingüísticos no concello, con especial atención á lingua habitual, que será analizada segundo diferentes criterios (idade, lugar de nacemento, ámbitos de uso...). No ámbito do comercio, analizarase a lingua respecto ás relacións coa clientela e a promoción do establecemento de cara ao público. Alén disto, o foro fornecéranos información sobre as actitudes e as ideas que as e os falantes teñen sobre a súa lingua, sobre o futuro e sobre a importancia desta.

Após a análise, conséntase que, efectivamente, o concello presenta unha situación lingüística favorábel ao galego: máis de 80% da poboación ten o galego como a súa lingua habitual. Con todo, esta porcentaxe, que semella moi satisfactoria para a saúde da lingua, esconde un dobre panorama: as persoas adultas conservan o galego como lingua habitual, mais a metade das crianzas arzuás xa teñen o castelán como tal. Entre as principais causas, as e os arzuáns consideran a ruptura da transmisión interxeracional, os prexuízos aínda vigorantes na sociedade ou a pouca presenza que

o galego ten nos medios. En xeral, a actitude dos arzuáns e arzuás galegofalantes cara á súa lingua é moi positiva.

Palabras chave: concello de Arzúa, lingua galega, sociolingüística, usos lingüísticos, actitudes.

Abstract

Arzúa's municipality, located in Galiza's centre and with around 6000 residents, presents a favourable situation for the Galician language. However, in the latest years, the general descent in the number of speakers has become noticeable as well.

The main objective of this paper is to analyse the sociolinguistic situation of Arzua's municipality, paying attention to the linguistic uses and the attitudes of Galician speakers according to the language. The methodologies that I used for this purpose were quantitative analysis, that was carried out with questionnaires, and qualitative analysis, for which I organized a debate forum on the Internet in which 20 people from Arzúa, born or resident in the municipality, participated.

This paper, divided in two principal parts, gives us information about the linguistic uses of the Galician language in the area of Arzúa, paying special attention on the usual language, that will be analysed according to different guidelines (age, birthplace, areas of use...). On the commercial sector, the language will be analysed according to the relations with the customers and the establishment promotion regarding the public. Moreover, the forum will give us information about the attitudes and ideas that the speakers have about their language and about its future and its importance.

After the analysis, I can verify that, in fact, Arzúa's area presents a favourable linguistic situation with the Galician language: over 80% of the population uses the Galician as their habitual language. However, this percentage, that seems very satisfactory for the language health, hides a double outlook: the adults preserve the Galician as their habitual language, but half of Arzúa's children already use the Spanish as their habitual language. Between the main causes, the citizens consider the interruption of the intergenerational transmission, the prejudices that are still alive among the society and the little presence of the Galician language in the media. In general, the attitude of Arzúa's citizens is very positive.

Key words: Arzúa's municipality, Galician language, sociolinguistic, linguistic uses, attitudes.

1. Introducción

1.1. Obxectivos

Este traballo nace por un interese persoal como estudante de filoloxía no ámbito da sociolingüística e pola preocupación do futuro da lingua na Galiza e en particular no meu concello, Arzúa. Se ben é certo que existe un grande traballo de análise da situación sociolingüística da Galiza do ano 2004 e algún estudo ao respecto da evolución da lingua, en Arzúa non hai un traballo pormenorizado arredor dos usos lingüísticos no concello.

Aínda que tivese sido moi produtivo para un traballo desta índole ter tido contacto con máis persoas de idade avanzada, o factor tempo e a situación de confinamento a que nos vimos sometidas debido á alerta sanitaria provocada pola Covid-19 foi un impedimento para isto. Deste modo, os obxectivos iniciais do traballo tiveron que ser, en parte, redefinidos.

A finalidade deste traballo é desenvolver un estudo arredor da situación sociolingüística actual do concello de Arzúa a través de dous tipos de análise, unha cuantitativa e outra cualitativa, co fin de obter datos numéricos obxectivos e tamén información relativa ás consideracións que os arzuáns e arzuás teñen da súa lingua.

O traballo pretende responder a preguntas como: fálase moito galego en Arzúa?; fálase menos galego agora que hai vinte anos?; os pais e as nais galegofalantes transmítenlle o galego ás crianzas?; que opinión teñen as persoas de Arzúa sobre o galego?; faise un bo uso deste idioma por parte das empresas e doutras entidades que se dirixen ao público en Arzúa?; ou por que se conserva máis o galego no ámbito rural que no urbano?

1.2. Metodoloxía

A metodoloxía empregada para este traballo foi de dous tipos, cuantitativa e cualitativa, e tamén se fixo consulta de fontes bibliográficas.

Canto ao método cuantitativo, que nos permitiu analizar os usos lingüísticos do concello de Arzúa, realizouse un traballo de campo a través da técnica de recollida de datos mediante inquéritos (Anexos I, II e III), con respostas, na súa maioría, xa prefixadas.

Os inquéritos son de tipo cuantitativo, pois teñen como obxectivo a recompilación de datos e información concreta para así poder ofrecer unhas conclusións estatisticamente fundamentadas. Son tamén de tipo estruturado, pois as preguntas foron fixadas previamente por min e non variaron en función da persoa que respondía. Alén diso, son anónimos e a maioría realizouse de forma virtual, o que xa de por si limitou a relación entre a persoa entrevistadora e a entrevistada. Con todo, tamén houbo nesta metodoloxía investigación de tipo cualitativo, en que a persoa informante emitía a súa opinión sobre unha cuestión concreta, e investigación baseada na observación, no caso dos inquéritos realizados presencialmente, en que o informante contestaba as preguntas ao tempo que, en voz alta, partillaba de forma máis explicativa o seu punto de vista.

Os cuestionarios realizados estaban dirixidos a tres públicos diferentes, por iso se elaboraron tres inquéritos diferentes: un para o alumnado de 4º de primaria dos dous centros educativos que hai en Arzúa; outro para as persoas adultas que naceran antes do 2000 e outro para as empresas de Arzúa. O feito de só entrevistar o alumnado de 4º de primaria vén dado pola existencia previa de cuestionarios que a persoa que ocupaba o cargo de Normalización Lingüística no Concello de Arzúa

durante o ano 2018 realizou. Estes cuestionarios foron aplicados aos cursos de 6º de primaria, 2º da ESO e 2º de Bacharelato; deste modo obtivemos información da xente nacida nos anos 2006, 2004 e 2000. Coas entrevistas ao alumnado de 4º de primaria cubrín a información relativa ás crianzas nadas no 2010 e que hoxe teñen entre 9 e 10 anos.

Os dous primeiros cuestionarios que citei, dirixidos ao alumnado e ao público adulto, teñen unha primeira parte con cuestións que apelan ao sexo, ao ano de nacemento, ao lugar de residencia e á profesión e nacionalidade dos pais e nais. A seguir, fórmulanse preguntas referidas ao uso do galego nos diferentes contextos e á súa consideración xeral. No caso dos cuestionarios para persoas adultas, ademais, hai unha terceira parte dirixida a aquelas e aqueles informantes que son pais/nais e avós/avoas, para tentar así tratar a cuestión da transmisión da lingua entre xeracións.

Na última das enquisas, dirixida ás empresas de Arzúa, trátase o uso da lingua por parte das e dos empregados cara ao público nos seus postos de traballo e tamén se tenta analizar se se produce unha mudanza de idioma a respecto do que se utiliza no ámbito familiar e persoal.

En total son 319 persoas as entrevistadas (138 naceron entre 2000 e 2010 e 181 persoas naceron antes dese ano) e 29 as empresas. Con estes inquéritos e mediante a análise dos datos a través de gráficos e táboas, extraeranse uns resultados obxectivos.

A respecto da análise cualitativa, a miña idea inicial era a de realizar grupos de discusión entre varias persoas, mais, debido á situación de confinamento en que derivou a emerxencia sanitaria provocada pola Covid-19, non o puiden facer desa

maneira e decidín suplir esta actividade presencial por un foro de debate virtual (Anexo IV). Para realizalo, fixen un anuncio da actividade nas miñas redes sociais e apuntáronse un total de 24 persoas, das que finalmente participaron 20.

Organicei o foro en dous grupos en función da idade e a cada participante foille asignado un número, de maneira que na conversa aparecía unicamente o seu número (“Informante x”). Antes de comezar o debate, envióuselle a cada persoa un cuestionario con preguntas referidas á lingua habitual, ao lugar de nacemento e á profesión, así como tamén se pedía a dirección de mail que se asociaría ao foro. Unha vez recibidos todos os formularios, enviei un correo a todas as persoas participantes coas instrucións para poderen acceder ao foro.

O foro levouse a cabo mediante a plataforma de google para realizar grupos. Colocáronse dez preguntas xerais, as mesmas para os dous grupos, e insistiuse na idea de que o debate era informal e non se precisaban coñecementos previos sobre ningunha cuestión en concreto. O debate durou cinco días e, en xeral, a xente participou e debateu activamente.

Para o estudo cuantitativo tomei como base o modelo seguido no MSG-92 (Seminario de Sociolingüística, 1994, 1995 e 1996) e para o estudo cualitativo tomei como modelo orientativo o seguido por Iglesias Álvarez (2002), baseado na proposta metodolóxica dos grupos de discusión, aínda que as circunstancias en que tiven que realizar o traballo por culpa da crise sanitaria me obrigaron a mudar esta técnica polo foro de internet.

2. O Concello de Arzúa e a situación lingüística actual

Arzúa é un concello da provincia da Coruña, que se encadra na área central da Galiza. Linda cos concellos de Santiso, Melide, Boimorto, Touro e O Pino e conta con 158

quilómetros cadrados de superficie. Está formado por 22 parroquias: Santa María de Arzúa, Boente, Brandeso, Branzá, Bures, Calvos, Campo, Castañeda, Dodro, Dombodán, Figueiroa, Lema, Maroxo, A Mella, Oíns, Pantiñobre, Rendal, Santiago de Arzúa, Tronceda, Viladavil, Vilantime e Viñós.

Segundo os datos censuais elaborados polo IGE no ano 2019, en Arzúa hai censadas 6041 persoas, das cales 3012 son homes e 3029 son mulleres. Delas, 608 persoas son menores de 15 anos, 3608 están entre os 16 e os 64 anos e 1825 é o número de persoas maiores de 65.

Tal como se encadra xeograficamente no centro da Galiza, Arzúa tamén pertence lingüisticamente ao bloque central. Os trazos principais que caracterizan o galego utilizado neste concello e que permiten incluílo neste bloque son: a presenza de gheada; a ausencia de seseo (agás nalgúñas palabras onde se fai seseo implosivo); o ditongo *-oi-*; a solución *-ao, -á* para as terminación latinas *-ANU, -ANA*; ou a solución de plural en *-s* para os nomes rematados en *-n* (*camión/camiós*).

Economicamente, a maioría da poboación arzuá está empregada no sector da agricultura e de servizos. Os últimos datos do IGE (marzo 2020) confirmaban que no sector da agricultura e a pesca os afiliados e afiliadas en alta laboral eran 505 persoas, no sector servizos 1379, na industria 279 e na construción 190. Porén, cómpre dicir que a maior actividade se concentra no campo, onde se rexistran 408 empresas. De resto, 39 empresas están dedicadas á industria, 82 á construción e 336 ao sector servizos.

No referido á educación, o concello conta con tres centros de ensino: o Colexio Nosa Señora do Rosario (Atocha), de carácter concertado e no cal se imparten estudos de Primaria e Secundaria; o CEIP de Arzúa, de carácter público e para alumnado de infantil e primaria; e o IES de Arzúa, tamén público e en que se imparten aulas de

ESO, Bacharelato e ciclos de grao medio e superior. Tamén hai unha gardería infantil, un centro de estudos de ciclos medios e superiores de carácter privado, e unha aula de educación de adultos.

O Concello tamén conta cun Servizo de Normalización Lingüística desde o ano 2008, e ten no posto unha técnica de Normalización Lingüística. Así mesmo, existe un servizo de radio.

Canto á situación lingüística actual neste concello, non existen estudos previos que a analizaran en concreto, mais pódese facer unha aproximación a esta segundo a zona territorial en que se encontra e de acordo ao tamaño do concello. Os datos máis actuais en relación a isto achámolos nas enquisas estruturais a fogares realizadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE, 2018), que nos permiten ver a evolución do uso da lingua desde 2003 a 2018 nos concellos con menos de 10000 habitantes (gráfico 1).

Unha situación moi similar á que se mostra no gráfico é a que presenta o concello de Arzúa, como se verá na seguinte epígrafe. Tal e como indica a *Evolución sociolingüística 1992-2013* (Monteagudo, Loredó & Vázquez, 2018), os concellos rurais están caracterizados por teren unha maior parte da poboación monolingüe en galego; así, a maioría de habitantes aprenderon a falar galego na familia. Neste sentido, continúa habendo unha vinculación das linguas ao rural ou urbano mais nos últimos anos a vinculación do galego co rural non está tan clara como a do castelán co urbano. Esta mesma situación dáse en Arzúa: aínda que é o monolingüismo en galego a situación máis habitual, hai un claro descenso no uso desta lingua e un aumento considerábel no uso do castelán. Mais, en todo o caso, o galego continúa a ser a lingua máis falada con diferenza.




Gráfico 1

A situación sociolingüística xeral da Galiza foi analizada de forma detallada polo *Mapa Sociolingüístico de Galicia do 2004* (González González, 2007, 2008 e 2011), dividido en tres volumes. Os resultados de 2004 evidenciaban ser o bilingüismo a modalidade dominante e o uso do galego minoritario a respecto do castelán. Da comparación entre o mapa do 1992 e o de 2004, tíranse as seguintes tendencias: houbo un forte retroceso no uso monolingüe do galego, un avance do monolingüismo en castelán e un mantemento en xeral do bilingüismo¹.

Como variábeis sociolingüísticas e sociolóxicas que os autores e autoras deste último volume citado colocan como principais influencias na lingua habitual están: a lingua inicial, a capacidade para falar galego e a capacidade para falar o castelán, o hábitat de nacemento, o hábitat de residencia, a conciencia nacional, o nivel de estudos, a lingua das clases en primaria, a lingua das clases en secundaria, a definición de

¹ Sobre a situación do galego na Galiza tamén pode consultarse Subiela (2010).

comunidade autónoma, a ocupación, a autopercepción “ser galego”, a orientación política e o xénero (González González 2008: 41-42).

3. Análise cuantitativa

Para levar a cabo esta análise, o material de traballo utilizado foron, como xa dixen anteriormente, as enquisas realizadas aos arzuáns e arzuás. Exporase así mesmo a situación xeral da Galiza atendendo ao estudo máis completo, o MSG (*Mapa Sociolingüístico de Galicia*) de 2004, sobre todo ao seu segundo volume sobre usos lingüísticos (González González, 2008), e ao traballo máis recente de Monteagudo, Loredó & Vázquez (2018).

Aliás, a estruturación da análise fíxose atendendo en grande medida á organización das variábeis realizada por Monteagudo, Loredó & Vázquez (2016).

3.1. Usos lingüísticos na poboación

Para a realización dos inquéritos e, por tanto, para a análise dos usos lingüísticos só se tiveron en conta as persoas que cursaran os estudos primarios en Arzúa, residan ou non hoxe en día no concello.

Ao se tratar dunha análise cuantitativa, os resultados non se poden considerar de todo fiábeis, pois as persoas entrevistadas non sempre expresan a súa opinión con sinceridade. Neste sentido, hai que ter en conta que, tal e como indica Ana Iglesias (2002: 46), “a principal limitación do cuestionario estandarizado é que só nos permite acceder á imaxe que os propios informantes nos queiran transmitir de si mesmos, como consecuencia do fenómeno coñecido como desexabilidade social”. Isto é, probabelmente moitas das persoas entrevistadas responderon aos cuestionarios en función do que crían que debían contestar, en detrimento da súa verdadeira opinión. Eu mesma constatee este feito nas poucas entrevistas que fixen

en persoa ou nas que realicei a certos comercios de Arzúa, pois en moitos casos quen cubría o cuestionario non estaba sendo consecuente co que sucedía na práctica.

O obxecto principal desta análise foi determinar a lingua habitual das persoas de Arzúa en función de distintas variábeis: a idade, o lugar de nacemento, o ámbito de uso etc. No caso galego, enténdese por lingua habitual aquela que se fala sempre ou que se fala máis que a outra lingua cooficial; por exemplo, se unha persoa declara ter o galego como lingua habitual, iso quere dicir que fala sempre galego ou que fala máis galego que castelán.

Polos resultados obtidos podemos evidenciar que o galego é a lingua principal de Arzúa con diferenza. Das persoas maiores de 18 anos, 171 persoas contestaban que o galego era a súa lingua habitual, só 9 persoas indicaron o castelán e unha dixo falar as dúas linguas por igual. Con todo, na última década as tornas mudaron moito. Das persoas menores nados en 2010, isto é, de entre os 9 e os 10 anos de idade, só 17 afirmaban ter o galego como lingua habitual, 19 persoas o castelán e unha persoa as dúas linguas. Con todo, como xa foi referido, a porcentaxe total de monolingües en galego é moito maior que a de monolingües en castelán e que a de bilingües, con diferenza.




Gráfico 2

Aínda así, insisto na idea de estes datos deberen ser tomados con precaución, tanto polo número de persoas entrevistadas canto pola pouca fiabilidade das respostas, que en ocasións inclusive viran contraditorias.

3.1.1. Lingua habitual por idades

Aínda que os resultados xerais lle dan unha moi boa posición ao galego, se analizamos estas porcentaxes desde o punto de vista da idade, os datos son moito máis negativos para este idioma e mostran unha grande diminución no número de galegofalantes e un aumento considerábel de castelanfalantes e bilingües. De feito, non se rexistra a modalidade “sempre en castelán” até as xeracións das crianzas nadas entre o 2000 e 2010.




Gráfico 3

Esa tendencia xa se daba a nivel galego, tal e como xa rexistraba o estudo da evolución sociolingüística 1992-2003:

Os usos mantiñan ata a entrada do século XXI unha relativa solidez, con algunhas oscilacións, pero tanto o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* de 1992 coma os datos do Censo 2001 xa

detectaron unhas diferenzas de uso entre os máis novos e os maiores. (Monteagudo & Loredó & Vázquez, 2016: 61-62).

En Monteagudo, Loredó & Vázquez (2018), os autores consideran moi importante o factor idade para o futuro da lingua. Diferencian tres grupos en relación á ela: o das persoas que superan os 40 anos, caracterizado por unha perda de galegofalantes e un aumento das prácticas bilingües, o grupo das persoas entre 20 e 40 anos, en que a situación sociolingüística é estábel, e o grupo das persoas máis novas, en que xa aparece como habitual o monolingüismo en castelán. Con todo, o caso de Arzúa non é comparábel ao xeral da Galiza, pois no primeiro grupo da clasificación, no caso do concello que tratamos, practicamente toda a poboación é monolingüe en galego. No caso do terceiro grupo a tendencia é similar ao total do territorio galego, aínda que en menor medida: o castelán aumenta como lingua habitual.

3.1.1.1. Lingua habitual nas crianzas²

Coa entrada do século actual, foron moitas as persoas galegofalantes que se perderon; e nunha soa década, este descenso avanzou a grandes pasos. Deste modo, e remitíndonos unicamente aos datos que obtivemos, pódese dicir que en Arzúa hai xa tantas crianzas castelanfalantes como galegofalantes.

Como xa indiquei anteriormente, o gráfico (4) deseñouse tomando como variábel a lingua habitual dos nenos e nenas na casa para que tanto os cuestionarios elaborados por min como os que elaborara a técnica de NL utilizasen os mesmos criterios. O gráfico 4 mostra, pois, os resultados da lingua utilizada polas crianzas na casa, que

² Para analizar a lingua habitual nas persoas menores, foron utilizadas as enquisas realizadas por min ás crianzas nadas no ano 2010 e tamén as realizadas en 2018 pola técnica de Normalización Lingüística nesa altura. Así, posuímos datos das nadas en 2000, 2002 e 2006. Como as enquisas realizadas por min e as que realizou a técnica non son exactamente iguais, será utilizado o dato “lingua habitual na casa” para un maior axuste nos resultados.

moitas veces non coinciden co que eles consideran a súa lingua habitual. Esta vén conformada pola confluencia da lingua habitual na casa coa lingua habitual no colexio. Se comparamos a primeira variábel (lingua habitual na casa) coa segunda (lingua habitual no colexio) comprobamos como diminúe o número de galegofalantes, que mudan o galego polo castelán ou confesan utilizar as dúas linguas. Esta mudanza é máis notábel segundo as crianzas son máis novas. Vese clara a evolución en detrimento do galego: dos 26 mozos e mozas nados no 2000 e entrevistados no 2018, 21 afirmaban ser o galego a lingua habitual na casa; os usos aumentaban no centro escolar, onde 24 persoas falaban en galego. Porén, das 40 crianzas nadas no 2010, 20 afirman que o galego é a lingua habitual nas súas casas, mais só 13 afirman utilizala habitualmente no colexio. Isto é, nas xeracións máis novas o galego deixou de ser a lingua habitual no colexio e o castelán pasou a ser a lingua utilizada nese ámbito.




Gráfico 4³

³ O gráfico aparece dividido en relación ás porcentaxes. Entre parénteses vai indicado o número real de falantes.

Pareceume relevante tamén facer referencia á lingua segundo o centro de estudos das persoas entrevistadas. Como estudante do centro público de Arzúa sempre percibira que no outro centro se falaba máis castelán, quizais pola idea estereotipada que teño dos colexios rexidos por monxas, como é o caso. Así, decidín facer unha relación de datos neste sentido (gráfico 5).

Nas persoas adultas, máis de 80% das cales teñen o galego como lingua habitual, as castelanfalantes repártense entre o centro público e o concertado. Non hai ningunha diferenza relevante que nos indique que o colexio fose un condicionante á hora de usar a lingua. Porén, unha informante, de non máis de 50 anos, no momento de realizar a enquisa fixo a consideración de que na actualidade se fala moito máis galego que antes, pois aos nenos e nenas non se lles impón o castelán como sucedía cando ela era cativa no centro concertado de Arzúa, onde, segundo afirmou, “che pegaban se non falabas en castelán”.

Se facemos un balance comparativo entre un centro e outro con relación ás crianzas nadas entre 2000 e 2010, fálase máis galego no centro público que no concertado, e esta diferenza é notábel sobre todo na xeración do 2006. Con todo, tan só catro anos despois, a pirámide revértese e a porcentaxe de galegofalantes é superior inclusive no centro público que no concertado, onde varios alumnos e alumnas confesan ser bilingües.

Estes datos obtidos fan referencia exclusivamente ao uso do galego por parte dos e das cativas no ámbito familiar e escolar, mais non se preguntou sobre a lingua en que recibían a docencia nin a que idioma recorría máis o profesorado.




Gráfico 5⁴

3.1.1.2. Transmisión interxeracional

Fica claro o descenso no emprego do galego polas crianzas e isto é, en parte, producido pola ruptura da transmisión interxeracional; é dicir, os pais e nais galegofalantes xa non transmiten o galego aos seus fillos e fillas⁵.

Quixen saber se esta era a causa principal do descenso no número de galegofalantes, mais a maioría dos pais e nais galegofalantes entrevistados (67 persoas) confesaron falárenlle galego aos seus fillos e fillas. Só tres se dirixen a eles en castelán e un nas dúas linguas. No gráfico 6 móstranse as porcentaxes de herdanza que extraín das enquisas. Vese un descenso na transmisión da lingua, mais non podería considerarse a causa principal, pois non é demasiado acusado.

⁴ Na elaboración deste gráfico non se tiveron en conta as crianzas nadas no 2000 porque se descoñece o dato relativo ao centro de estudos.

⁵ Sobre o galego na familia véxase Ramallo (2012).




Gráfico 6

Con todo, estes datos hai que os relativizar e non nos permiten tirar conclusións definitivas por varias razóns. En primeiro lugar, son poucos os pais e nais entrevistados e algúns, ás veces por falta de consciencia, non responderon o que realmente fan. Alén diso, os fillos e fillas dos pais e nais entrevistados non se corresponden necesariamente co alumnado que tamén foi entrevistado. Isto levaríanos a ter que reformular a cuestión xa que, no caso do alumnado, sabemos cal é a lingua habitual dos rapaces e rapazas na casa mais non sabemos datos concretos de cal é a lingua que lles falan seus pais e nais.

Analizarmos a lingua dos netos e netas ou fillos e fillas tampouco sería de grande axuda posto que, sendo o noso traballo unicamente do concello de Arzúa, estaríamos así probablemente analizando a situación de moitos nenos e nenas que non foron criados no concello e que incluso non teñen a día de hoxe contacto con el, mais si que veríamos se houbo transmisión por parte dos arzuáns galegofalantes ás súas crianzas.

Por outra parte, como xa dixen, a situación de confinamento non permitiu que se puidesen levar a cabo inquéritos de forma presencial e que estaban dirixidos principalmente á xente maior. Isto fixo que non puidese analizar a herdanza lingüística que se produce de avós e avoas a netos e netas. Só tiveron tempo e ocasión a realizar catro inquéritos deste tipo, o que non resulta moi representativo. Con todo, estes catro cuestionarios mostran un panel bastante predicíbel: a situación dos avós e avoas era practicamente a mesma, todos foran criados en galego e na aldea, e hoxe en día a súa lingua vehicular é tamén o galego. A diferenza radica na situación dos netos e netas. Tres dos avós entrevistados teñen os netos vivindo en dúas cidades: A Coruña e Santiago de Compostela. Todos, un total de 5 netos e netas de idades comprendidas entres os 8 e os 15 anos, falan en español na casa e noutros ámbitos a excepción da máis vella, que fala galego fluído cos pais, coas nais, coas avoas, cos avós e con quen llo falar. O cuarto caso diferénciase dos demais en que ten os netos, 4 en total, vivindo en Arzúa (vila). Confesa que todos falan en galego, tanto na casa como no colexio, aínda sendo asturiana e castelanfalante unha das nais dos nenos.

Aos pais, nais, avós e avoas, formulábaselles a seguinte pregunta: “se os teus fillas, fillas, netos ou netas non falan galego, cal cres que é a causa?” A resposta maioritaria foi “o contorno” ligada normalmente a “vivir na cidade”; noutros casos aludíase directamente á cidade: “vive na Coruña”, dando por sentado que na cidade falar español é a posibilidade máis probábel. A segunda resposta maioritaria achacaba a causa ao “colexio”. Por último, houbo respostas do tipo: “din que teñen menos oportunidades o día de mañá”, “non ten tanta importancia” ou mesmo “a obriga de estudar galego”.

Coincido con Monteagudo, Loredó & Vázquez en que non só o feito da ruptura da transmisión interxeracional é a causa da caída do uso da lingua. O proceso de

transmisión foi analizado por estes autores segundo dous indicadores que marcan a relación entre a herdanza lingüística e a transmisión: o “Índice de Transmisión do Galego” e o “Índice de Cambio Lingüístico”. Estes dous índices comparan a porcentaxe de persoas que recibiron o galego dos seus pais e nais co de persoas que o transmitiron aos fillos, fillas e netos e netas; o primeiro (ITI) fai a comparación sobre o total da poboación e o segundo (ICI) faina tendo en conta só a poboación de partida (2018: 19). A relación entre ambos retrata que o galego está en situación de vulnerabilidade, pois o resultado é que as crianzas non herdán a lingua. O primeiro motivo a que se achaca isto é o éxodo do rural a zonas urbanas ou semiurbanas que fixo que moitas familias mudaran de lingua como forma de se adaptaren tanto ao medio urbano como á imaxe social que consideraron referencial. Mais os autores tamén rexistran unha pequena recuperación da lingua por parte de sectores burgueses e isto lévaos a confirmaren que a ruptura da transmisión entre xeracións non é só culpa das familias, senón tamén da pouca presenza que o galego ten no ámbito escolar ou noutros contextos (2018: 20).

Neste sentido, é moi importante sinalar o papel que as escolas e os profesores e profesoras xogan á hora de definir unha lingua habitual nunha crianza. Aínda que non foi motivo de estudo neste traballo, está claro que o Decreto de Plurilingüismo de 2010 supuxo un retroceso para o galego no ámbito do ensino e que afectou todos os ámbitos en xeral.



3.1.2. Lingua habitual segundo o lugar de nacemento

Xa que o estudo foi feito exclusivamente sobre o Concello de Arzúa, a relación de datos fíxose tamén atendendo ao lugar de nacemento e non ao de residencia actual.

Tal e como foi indicado, o Concello de Arzúa é pequeno, de pouco máis de 6000 persoas, e case a metade da poboación vive en aldeas. Esta é unha característica que

favorece a conservación da lingua galega. A tal respecto, tamén as enquisas nos permitiron comprobar a desruralización que se está dando en Arzúa. Mentres nas enquisas de adultos, unha grande maioría nacera na aldea (107 persoas, sendo 181 o total), no caso das crianzas a situación revértese: 50 naceron na aldea e 74 na vila.

O MSG de 2004 xa certificaba que o uso do galego cae coa diminución do carácter rural e tamén que o grupo que máis utiliza o galego está constituído por traballadores agrícolas e non cualificados agrícolas (González González, 2008: 88). Isto pode comprobarse tamén en Arzúa. Aínda que esta diferenza non era demasiado notábel nas xeracións máis vellas, a día de hoxe faise máis patente: o nivel de castelanfalantes aumenta en xeral e introdúcese no rural, cando antes era practicamente inexistente⁶; con todo, aumenta notabelmente na vila, onde de 89 nenos que viven alí, 37 teñen o castelán como lingua habitual. Ademais, aparecen os usos bilingües entre os cativos nados xa no século actual.



Gráficos 7 e 8

⁶ De entre as persoas adultas, das 9 persoas que teñen como lingua habitual o galego, todas naceron en Arzúa (vila), a excepción de dous casos: o primeiro reside en Madrid, aínda que o galego é a lingua máis utilizada na súa casa; o outro naceu en 1997 e ten o seu centro de traballo ou estudo na Coruña.

3.1.3. Lingua habitual por ámbitos de uso

Nun artigo de 2006 arredor dos determinantes socioeconómicos da lingua galega, Carlos Gradín xa afirmaba respecto aos ámbitos de uso:

Resulta obvio, en primeiro lugar, que o ámbito onde o galego é máis utilizado como lingua de fala habitual –entre o 60 e o 70% da poboación– é o familiar e, en segundo lugar, que os cambios interxeracionais fan que cada cohorte empregue o galego en menor medida cá anterior en todos os ámbitos, pero especialmente naqueles onde máis se utilizaba esa lingua. A paulatina perda de peso do galego como lingua de fala habitual nas relacións sociais reflíctese tamén no feito de que, especialmente entre os menores de 30 anos, se fala máis galego cos familiares de máis idade, como os avós e os pais ou as nais, ca cos irmáns, cos amigos ou, eventualmente, cos propios fillos. (2007: 165).

No caso de Arzúa, a situación que reflicte Gradín coincide en grande medida co uso que fai do galego a xente máis nova. En xeral, a lingua habitual dos e das falantes coincide en grande medida coa que utilizan noutros ámbitos. Porén, no traballo ou centro de estudos hai un lixeiro incremento do uso do castelán.




Gráfico 97

⁷ Na táboa aparecen rexistrados exclusivamente os falantes maiores de 18 anos. As cifras referidas corresponden ao número real, non á porcentaxe.

O MSG 2004 (cfr. González González, 2008: 218) xa apuntaba esta mudanza: nas zonas rurais e nos grupos integrados por amizades e veciñanza mantíñase, polo xeral, o galego. Canto maior é o número de habitantes, máis diminúe o uso do galego. Isto explica tamén que no ámbito do traballo se incrementa o uso do castelán. Na maioría dos casos esta mudanza, ou a inclinación cara ao bilingüismo, é probabelmente realizada como fórmula de cortesía.

Os resultados obtidos das enquisas constatan que, entre os arzuáns e arzuás que teñen o galego como lingua habitual, en primeiro lugar, só 20 persoas mudan de lingua, 3 fan un uso bilingüe e outras 3 usan outras linguas. Isto é, a maioría de arzuáns continúa utilizando o galego como lingua de traballo.




Gráfico 10

Analiceí a relación entre a lingua utilizada no traballo e o lugar en que se situaba o posto de traballo. Os resultados evidenciaron que dos e das galegofalantes que utilizan as dúas linguas no traballo, dúas persoas traballan en Arzúa e outra na Coruña. Das persoas que utilizan outras linguas, dúas traballan no estranxeiro e

unha en Santiago de Compostela. Por último, dos e das 20 galegofalantes que utilizan o castelán no traballo, só dúas persoas o utilizan en Arzúa. En resumo, comprobamos que a maioría de mudanzas prodúcense nun contexto alleo a Arzúa, e sempre en cidades (táboa do gráfico 10).

Como o que máis nos interesa neste estudo é analizarmos a situación sociolingüística exclusivamente do Concello de Arzúa, non se incidiu máis no ámbito do traballo, nin nas razóns da mudanza de lingua no caso de as haber. Por iso, fixéronse enquisas específicas a diferentes empresas e comercios de Arzúa, que serán tratadas nunha epígrafe á parte.

Aínda que xa ficou claro que o galego é a lingua principal dos arzuáns e arzuás no ámbito familiar, non sucede o mesmo noutros ámbitos, como o ocio, por exemplo, e especificamente no relativo á lectura. Os resultados xerais son clarificadores: aínda que un 81,2% dos arzuáns gusta de ler libros en galego, só 26,5% o fai habitualmente. Se analizamos as preferencias por idades, os datos tamén son relevantes e van ligados a unha maior destreza lectora e escrita que se produciu coa introdución do galego no ensino. Iso explica que nas persoas nadas antes de 1970 o resultado de “galego” como lingua habitual na lectura nin sequera se rexistre. Aínda así, non viran moito mellores os resultados para o galego nas xeracións seguintes: 110 persoas afirman ler máis en castelán, 32 persoas nas dúas linguas por igual e só 25 persoas len habitualmente en galego.

Porén, no caso das crianzas nadas despois do ano 2000, os usos están practicamente igualados. Neste caso hai que ter en conta que, probabelmente, moitos nenos teñan por lectura habitual os libros que lles mandan no colexio, onde galego e castelán, en teoría, deberían estar igualados nese sentido.

No caso das crianzas nadas no ano 2010, tamén se preguntou polo coñecemento de música ou debuxos en galego e practicamente a metade delas descoñecen ou non teñen por hábito escoitaren ou veren debuxos en galego.




Gráfico 11

No caso dos debuxos, as crianzas que responderon que non vían debuxos en galego apelaron ao descoñecemento como causa principal. É dicir, unha grande parte delas descoñece que existan debuxos en galego, un feito que non deixa de ser preocupante sobre todo porque implica e demostra un descoido e desinterese por parte dos medios públicos galegos, tendo en conta que a maioría de nenos e nenas da derradeira parte do século pasado, tanto galegofalantes como castelanfalantes, eran espectadores habituais do Xabarín Club, a maior plataforma de debuxos animados en galego.

3.2. Usos lingüísticos no comercio local


Relacionado cos usos lingüísticos dos arzuáns e arzuás nos ámbitos diferentes do familiar, quixen saber cales eran os usos que do galego facían as empresas, a maioría pequenas, de Arzúa. Para iso seleccionei 29 establecementos de diferente tipo: sete bares, unha tenda de deseño gráfico, unha clínica dental, unha tenda de fotografía,

tres zapatarías, unha empresa de instalacións eléctricas, unha herborístaría, unha florístaría, dúas perfumarías, catro tendas de roupa, unha tenda de informática, tres librarías, un estanco e dúas farmacias.

Todos os establecementos enquisados se sitúan na vila de Arzúa, 10 foron fundados antes do ano 1999 e os 19 restantes despois de 2000.

3.2.1. Lingua habitual dos empregados e das empregadas

A lingua habitual dos empregados e empregadas de Arzúa é, na grande maioría dos establecementos, o galego. Hai que ter en conta que en cada empresa hai máis de unha persoa empregada, polo que a referencia numérica faise atendendo ao establecemento e non ao número de empregados (gráfico 12).



Gráficos 12 e 13

Comparouse a lingua habitual dos e das empregadas na súa vida persoal coa lingua habitual utilizada cara ao público (gráfico 13) e as diferenzas son escasas. A máis

notábel diferenza está nos indicadores “sempre en galego” e “maioritariamente en galego”, esta segunda opción máis numerosa no referido á lingua que os comerciantes utilizan cos clientes.

3.2.2. Lingua habitual cara ao público

No ámbito das relacións comerciais, o que sucede en moitos casos é que o ou a empresaria muda a súa lingua a favor da lingua utilizada polo cliente ou clienta e isto tamén condiciona que a súa lingua habitual no ámbito laboral sexa unha ou outra. De feito, despois de analizar os resultados referentes á mudanza de lingua en función da utilizada pola ou polo interlocutor, os resultados coinciden cos do gráfico 13: 9 empresas afirman manterse no galego aínda que o interlocutor ou interlocutora fale en castelán, resultado que coincide coas 9 empresas que afirman ter o galego como lingua habitual.




Gráfico 14

A mudanza de lingua para o castelán prodúcese na maioría dos casos como mostra de educación cara á persoa non galegofalante, aínda que a resposta maioritaria é que

atender a alguén en galego se se dirixiu a nós en castelán non é falta de respecto. Outras veces a mudanza de lingua, din, vén motivada pola procedencia do interlocutor ou interlocutora.

3.2.3. Lingua habitual de promoción do establecemento

Canto á lingua utilizada para promocionar o establecemento, o galego continúa a ter bastante presenza, aínda que o castelán adquire máis relevancia. Na práctica, as respostas que as persoas entrevistadas deron non son de todo verdadeiras, pois, desde o meu punto de vista como clienta do comercio arzuán, poucas son as empresas que se promocionan unicamente con galego e, ademais, son moitas máis as que o fan unicamente en castelán.

As que afirman facelo en galego xustificano dicindo que é a súa lingua, así como a da maioría de arzuáns e arzuás. Mesmo unha empresa, en concreto unha librería, cuxa dona non é galega e fala castelán, afirmou utilizar o galego porque entende que á xente lle é máis cómodo ler a súa propia lingua. No caso das que utilizan o castelán ou as dúas linguas a xustificación principal é a posibilidade de chegaren a máis xente e de que todas as persoas entendan as súas promocións.




Gráfico 15

Aínda que os resultados son os que se mostran no gráfico, e parecendo un tanto contradictorio, todos os comercios, a excepción de dous, afirman que é importante que as empresas de Arzúa promovan o uso do galego mediante a publicidade, as redes sociais etc.

A última das preguntas dirixidas ás empresas foi: “credes que a lingua que utilizades no voso establecemento pode repercutir no uso do galego por parte da xente nova?” Neste caso 14 empresas consideran que si e as 15 restantes négano. Das que afirman que si, a xustificación apela a que se se utiliza o galego, se visibiliza a súa validez para todos os ámbitos da vida e, ao mesmo tempo, se crea un interese pola lingua por parte das crianzas.

3.3. Actitudes lingüísticas

Até este momento o que se reflectiu no traballo foron os datos numéricos e obxectivos extraídos das enquisas. Con todo, nos cuestionarios certas preguntas tiñan a posibilidade de explicar e dar a opinión acerca de determinadas cuestións. Estas poderían, pois, considerarse achegas de tipo cualitativo dentro da propia análise cuantitativa. Tales cuestións permitíronme analizar as propias consideracións dos entrevistados e entrevistadas acerca da situación do galego en Arzúa.

Aínda que a grande maioría das persoas adultas (152 persoas fronte a 29) considera que no concello de Arzúa se fala moito galego, cando se pregunta polo descenso do uso da lingua no concello a balanza xa se equilibra: 89 persoas consideran que no concello se fala menos galego que cando elas eran pequenas, fronte a 93 que achan que a situación non mudou.

Canto ás causas principais a que alude a xente que xulga que en Arzúa se fala cada día menos galego, hai catro cuestións que son aducidas numerosas veces: a falta de

concienciación por parte dos pais e nais á hora de lles falaren aos fillos; as redes sociais e a ausencia do galego nos medios de comunicación, sobre todo nos debuxos; a escola; e a vergoña ou a mellor consideración que poida suscitar unha persoa castelanfalante; en palabras dun informante, “supoño que se debe á idea de que hai linguas de primeiras e de segundas e por desgraza, o galego non está considerado de nivel un”. Entre outras razóns que a xente considera, de forma moi consciente, está a condición do castelán como lingua dominante e a deturpación do galego, así como unha profunda castelanización en todos os ámbitos; tamén varias persoas apelan á falta de políticas lingüísticas que defendan o noso idioma. Hai outras respostas que aluden á globalización, ao aumento da inmigración ou á mudanza natural das linguas.

Como vemos, hai respostas realmente conscientes da situación do galego, non só a nivel do Concello de Arzúa senón tamén autonómico. Poucas son as respostas que ven no descenso dos usos lingüísticos causas naturais e a maioría describe esta situación de forma preocupada e sendo consciente de que existe un problema.

Unha outra pregunta apela á consideración de usarmos un galego mal falado. Nesta cuestión, 125 persoas consideraron que si, fronte a 56 que non cren que o estea. A maioría de respostas apela, pois, aos propios prexuízos que moita xente continúa tendo a respecto do galego e que moitas veces inflúen no descenso de uso da lingua, mais non destacan ou non se perciben preconceptos nos propios falantes. Porén, isto tamén é así probabelmente porque só responderon a isto as persoas que consideraban de por si que, con efecto, o uso do galego descendera no concello. As persoas que acharon que non había mudanzas nesta situación non emitiron a súa opinión ao respecto, de forma que só puidemos analizar os prexuízos máis evidentes desta maneira. Con todo, no caso das catro enquisas realizadas a persoas que

naceron antes de 1950, que cubrín eu mesma coas respostas que os e as informantes me ían dando, comprobei como, sendo galegofalantes, non teñen por “galego” a súa lingua principal. Existe nelas unha especie de contraposición entre o “galego”, que eles nunca falan, e o “gallego”, que é a súa lingua propia; esta é unha das razóns por que as catro persoas informantes consideraron que o galego que hoxe usamos está mal falado: porque eles mesmos consideran que non saben falalo. Este si é un claro prexuízo entre as persoas idosas, galegofalantes mais criadas e obrigadas a estudaren, quen tivo a sorte de o facer, en castelán.

Houbo un informante nacido en 1983 que, non sei se por facer a graza ou por crer realmente nas súas palabras, marcou a opción de “outra lingua” e colocou a resposta “jallejo”. Alén diso, admitiu que “Eu galego non falo, que é artificial. Falo jallejo ou castellano”. Tamén respondeu a respecto do galego normativo (polo que en ningún momento se preguntou): “O ‘galego’ normativo non existe. É un mecano de normas e palabras postas por uns cuantos. O jallejo real de aquí ten J, K, W, Y... e no da academia galega (non sei porque lle din real) non hai. Poñédeas dunha puta vez que os móbiles téñenas no teclado para algo!!”. Ademais, considerou que o galego é “para manter a xente coma a que fixo esta encuesta (aquí non se di enquisa)”.

Aínda que este caso hai que o considerar isolado, o certo é que demostra claros prexuízos co galego e co que é o “galego normativo”, alén de coas institucións e estudos que o avalan. Estas mesmas ideas, ou parecidas, afloran noutros traballos tamén entre a xente nova, como en Formoso Gosende (2013) ou Iglesias Álvarez (2013).

A respecto de se o concello e as empresas de Arzúa fan ou non unha boa promoción do galego, os resultados son os mesmos: 107 persoas consideran que tanto o concello como as empresas promoven o galego, mais 74 persoas achan que non. Con todo,

case todos os entrevistados, a excepción de 5, xulgan que as empresas deberían facer esa promoción.

4. Análise cualitativa

A segunda parte do traballo consistiu nunha análise cualitativa da situación lingüística a través dun foro de debate. Como xa expliquei na metodoloxía, a primeira idea era organizar diferentes grupos de discusión, con persoas tamén de distintas características: segundo a lingua habitual, o nivel de estudos, a profesión ou mesmo o lugar de residencia. Como a elaboración de grupos de discusión non foi posíbel pola declaración do estado de alarma, substituínos por un foro a través de internet, de forma que as persoas participantes debían discutir deixando os seus comentarios escritos.

Para a elaboración dos grupos e a decisión, en xeral, de realizar unha análise cualitativa, tiven en conta o criterio e as propostas metodolóxicas seguidas en Iglesias Álvarez (2002) e en Formoso Gosende (2013)⁸.

Os participantes foron distribuídos en dous grupos, tomando como criterio a idade; deste xeito, as persoas nadas antes do ano 1986 constituíron o grupo 1 e as que naceron despois deste ano conformaron o grupo 2, a excepción dunha persoa nada no ano 1989 que incluíu no grupo 1 por vivir na mesma casa que outra persoa participante do grupo 2. Sendo así a repartición dos grupos, as 20 persoas participantes foron divididas a partes iguais: 10 en cada grupo. Delas, un 65% naceu en Arzúa e 70% mora hoxe en día no concello. Dos 20 participantes, o 85% (17 persoas) teñen como lingua inicial o galego; 2 persoas foron educadas nas dúas linguas e outra en castelán. Na actualidade, as 3 persoas que tiveron como lingua

⁸ A respecto da análise das actitudes da mocidade co galego, pode consultarse González González (2003).

inicial o castelán ou as dúas linguas considéranse bilingües e son menores de 24 anos, polo que están no grupo 2. O resto de participantes afirman ter o galego como lingua habitual. Canto ao nivel de estudos rematados, 45% dos participantes ten cursado ensinanzas profesionais superiores, 25% estudos universitarios, 25% estudos secundarios e só dúas persoas, a máis vella e a máis nova das participantes, teñen os estudos primarios rematados.

Foron once as preguntas realizadas que buscaron, máis que nada, a sinceridade nas respostas, pois o obxectivo é que afloren os discursos reais sobre as linguas en conflito. Procurei colocar cuestións que puidesen crear certa controversia e abrisen a posibilidade de discusión, alén de reflectiren a situación da lingua en diferentes aspectos desde o punto de vista das arzuás e arzuáns. Moitas delas correspóndense con prexuízos que están profundamente inseridos na mente das galegas e galegos, aínda nos galegofalantes. Tal e como afirma Ana Iglesias, “falar unha lingua non implica necesariamente boas actitudes cara a ela, e viceversa, non utilizala non ten por que significar que as actitudes sexan negativas” (2002: 43).

Dividirei o contido desta análise segundo as preguntas que foron formuladas.

4.1. O galego no ensino

[“Credes que o ensino debería ser todo en galego?”]

Case todas e todos os informantes coinciden en que o ensino debería impartirse todo en galego, coa excepción dos outros idiomas, que deben ser explicados cada un no seu respectivo. Só o informante 03 (G2) considera que estas explicacións deben darse tamén en galego. Neste primeiro grupo tamén hai quen opina que, aínda que o ensino debe ser todo en galego, un profesor que chegase doutro lugar podería elixir dar as aulas no seu idioma se se sentise máis cómodo. A isto, o informante 07 contesta, decidido, que “é imprescindible que calquera persoa que opte a unha praza

para un emprego nunha administración pública galega, neste caso o profesorado, debería demostrar previamente coñecementos e fluidez no noso idioma”.

No grupo 1, a respecto da necesidade de coñecer o galego para acceder a un posto público, a maioría tamén considera que debe ser un requisito indispensábel no caso de se tratar dun posto definitivo, mais podería valorarse cando se trata de persoas estranxeiras con contratos temporais. O informante 12, neste caso, considera que “haberá que dar as ferramentas necesarias para que as persoas que se incorporan poidan ter a formación precisa para ser competentes en galego, como é lóxico. É a única forma tamén de que non se xeren discriminacións”.

A pouca preparación do profesorado para impartir aulas en galego é outro aspecto que xorde no debate. O informante 06 (G2) opina, pondo como exemplo a ensinanza en inglés, que non se fai ao completo nesa lingua, que moito profesorado non está preparado para dar aulas en galego porque non domina a lingua.

4.2. A lingua como motivo de discriminación

[“Algunha vez vos sentistes discriminados por falardes na vosa lingua (sexa esta galego ou castelán)?”]

Nesta cuestión houbo unha considerábel participación. No grupo 1, en xeral, todas as persoas recoñeceron encontrárense nalgunha situación en que foron xulgados por utilizaren o galego, mais non todos consideraron isto unha mostra de discriminación, aínda que si a maioría. A informante 06, nada no ano 1979, confesa terse sentido discriminada ao utilizar o galego na cidade da Coruña na súa época universitaria. A informante 12, nada en 1985, considera que

cando queres ter acceso a filmes ou música en galego nos grandes circuítos comerciais e non o tes, cando requires atención telefónica na túa lingua, poño por caso, na túa compañía telefónica e non cha facilitan etc etc. xa estás a sufrir esa discriminación e aí é onde se vé moi claramente

as dificultades que ten o noso idioma para chegar a ser "normal". Eu persoalmente, vivín todas estas situacións e si, calificaríaaas de discriminatorias.

Porén, o informante 19 considera que o que sucede nas administracións públicas é unha cuestión de descoido.

A informante 16, nada en 1964 e cunha educación escolar completa en castelán, confesa que, debido á súa educación en castelán, antes parecíalle “normal” que o galego non fose usado en certos documentos, mais agora que ten “plena consciencia do importante que é pa min a miña fala” e é capaz de realizar unha reclamación en galego (a pesar de nunca ter aprendido a escribir en galego), non se considera discriminada. Porén, si que se considera cando, por exemplo, nunha compañía telefónica como Movistar non a atenden en galego, aínda despois de ter elixido esa opción.

No grupo 2, as respostas son similares: a maioría de falantes non se consideran discriminados, senón máis ben “atacados” por utilizaren o galego ou condicionados por ambientes en que o castelán é a lingua máis falada. A informante 08, que tivo como lingua inicial o castelán e hoxe fala tanto en galego como en castelán, confesa que lle teñen chamado a atención tanto por falar en galego como en castelán en certos ambientes, ou mesmo, falando en castelán, recibir burlas polo acento galego. Porén, tanto a informante 25, a máis nova das participantes, nada no ano 2004, como a informante 02, nada no 2000, e que teñen castelán e galego como linguas habituais, consideran que nunca foron discriminadas porque mudan de lingua segundo o que lles fale o interlocutor.

O informante 07 considera que “falar galego e ser discriminad@ van da man” porque hai ámbitos da vida en que non é posíbel utilizar o galego: atención ao cliente, contratos no banco, aulas en castelán onde non hai acceso aos exames en galego... O

informante 17, apoiando esta opinión, considera que o galego está desaparecido das redes sociais, dos videoxogos e, en xeral, das novas tecnoloxías, o que afecta de cheo as xeracións máis novas.

4.3. A lingua no Concello de Arzúa

[“Debería o concello de Arzúa utilizar o galego en todos os ámbitos?”]

Todas as persoas participantes consideran que si, que se debería utilizar o galego en todos os ámbitos do concello, mais algúns achan que se deberían achegar traducións en castelán para facilitar a comprensión das persoas non galegofalantes. O informante 07 (G2) xulga que, no caso das persoas que veñen a Arzúa para residiren no concello, deben recibir as ferramentas necesarias para poderen aprender o idioma, e así este será normalizado, mais se se lle ofrecen os servizos en castelán a lingua nunca se normalizará.

Aliás, todos os informantes consideran que o concello de Arzúa fai uso do galego en todos os ámbitos, mais no grupo 1 a informante 12 afirma que existe documentación interna no concello, no plano xurídico, que está redixida en castelán.

4.4. Os Servizos de Normalización Lingüística

[“Alguén sabe que é un Servizo de Normalización Lingüística?”]

No grupo 1, a maioría de informantes coincide en que se trata dun organismo habilitado para fomentar o uso do galego en todos os ámbitos, aínda que hai quen considera que se trata dun instrumento político. En xeral, fálase de “promover”, “corrixir”, “difundir”. Agás a informante 12, que inclúe unha definición ampla do que é un SNL e sabe que no concello de Arzúa existe un, só dúas persoas contestan ao respecto: a informante 05 sabe que se convocan oposicións para o posto cada pouco tempo e a informante 06 sabe que existe, mais non sabe para que se utiliza na

práctica. Sobre a cuestión de se deberían existir ou non estes servizos, os e as informantes cren que si mais, en xeral, descoñecen o seu funcionamento ou non saben se están cumprindo o propósito para que foron creados.

No grupo 2 as respostas son similares, pois tamén se fala de “fomentar”, “dar a coñecer”, “regularizar”... A informante 15 mesmo nomea iniciativas como o programa Apego ou o programa Youtubeiros. O que non está claro para as persoas participantes é se o Concello de Arzúa ten ese servizo. Apenas unha persoa sabe que hai tempo si que o tiña. A respecto de se deberían existir, os tres informantes que contestan coidan que si, que son medios importantes para protexeren e normalizaren a lingua.

Con efecto, o Concello de Arzúa conta con este Servizo desde 2008 mais a praza non é fixa, os contratos para o posto teñen unha duración moi curta e mudan con bastante frecuencia. Aliás, na páxina web do concello non hai apenas información sobre este Servizo e, como xa se viu polas respostas dos informantes, moitas persoas non saben se existe nin para que serve, o cal é mostra do seu deficiente funcionamento.

4.5. O galego normativo

[“Que é para vós o ‘galego normativo?’”]

No grupo 1 hai bastantes discrepancias arredor desta cuestión. Para os informantes 01 e 19 “non ten sentido” ou é “unha toleada” e como consecuencia, fixo que algunha xente rexeitara o estudo da nosa lingua. Outras persoas, como as informantes 05 e 06, achan que é unha ferramenta necesaria para unificar o galego e que se debe utilizar en ámbitos formais e non nos informais. A informante 16, que non estudou galego na escola, considera que se trata de normas polas cales, por exemplo, se rexe a utilización de “haber” ou “a ver”.

No Grupo 2, todas as persoas teñen claro que o galego normativo é o que se emprega na escrita e que vén rexido polas normas da RAG. Entenden que existen diferentes variedades dialectais e que non está mal empregalas, mais que estas non se utilizan na escrita. A maioría asocia ademais o galego normativo ao ámbito formal, aínda que, por exemplo, o informante 07 considera que tanto nos programas de televisión como nos telexornais as e os presentadores deberían poder utilizar a súa variedade dialectal. Ao non o faceren, contribúen á estandarización da lingua e empobrecena. Aliás, acha que ás veces as variedades dialectais só se utilizan en programas como un recurso humorístico⁹.

4.6. O bo ou mal uso do galego

[“Pensades que o galego que falamos normalmente está mal usado?”]

Nesta cuestión tamén existen dúas claras posicións. Hai quen considera que o galego que usamos está ben utilizado e hai quen admite que está contaminado por demasiados castelanismos.

No grupo 1, algúns informantes asumen que se considera un mal uso cando se utilizan as variedades dialectais, e non están de acordo con iso. Tamén hai quen, como a informante 06, afirma que se atendemos á norma si que se pode dicir que o galego está mal usado e que debemos coidalo sobre todo na escrita. Mais discrepa do “galego encorsetado” a nivel oral en ámbitos informais. Os informantes 19 e 05 son conscientes de que utilizamos castelanismos na lingua, mais asumen que son habituais e que son palabras importadas que se asentán na lingua como outros anglicismos ou galicismos¹⁰. Os dous están de acordo en que asumirmos que os

⁹ Sobre a cuestión da estandarización da lingua e a situación da variedade padrón do galego véxase Sánchez Rei (2009).

¹⁰ A respecto da cuestión dos castelanismos no galego e da perspectiva dos falantes, pode consultarse Iglesias Álvarez (2016) e Silva Valdivia (2006). O segundo estuda o uso dos castelanismos por parte do alumnado.

castelanismos non son válidos vén dado polo sentimento de rexeitamento que temos cara á lingua castelá, que se utilizou moitas veces como arma de sometemento. Así, o informante 19 afirma:

Si temos xeito de substituir os castelanismos por palabras propias do galego poderíamos e deberíamos facelo, o que tampouco me parece axeitado é substituir un castelanismo por un lusismo, por exemplo, só polo feito de que un é castelán.

No caso do G2, hai informantes que recoñecen que continúa habendo persoas que xulgan as variedades dialectais como erros, e non están de acordo con esa afirmación. Case todos afirman que os castelanismos están moi inseridos no galego e consideran que son evitábeis, no sentido de que existen termos galegos para nos referirmos á mesma realidade que nomeamos cos castelanismos. Porén, a informante 22 di utilizar expresións na escrita, segundo as normas da RAG, que na oralidade non emprega e parécelle “raro” que expresións que utilizaban os seus avós e avoas non poidan ser empregadas agora. Entendo pola resposta que esta informante se refire a que hai expresións que, mesmo estando castelanizadas, xa se levan empregando moitos anos e non é lóxico non seguirlas empregando. Nesta liña, o informante 07 considera que hai que fuxir do “sempre se dixo así”.¹¹

4.7. O galego na vila e na cidade

[“Por que nun concello pequeno como Arzúa se fala moito máis galego que nunha cidade como A Coruña?”]

Respecto a isto, hai tres posicións dominantes: razóns demográficas, ruptura de transmisión interxeracional ou mantemento da diferenza de clases no uso da lingua.

¹¹ Sobre a necesidade de mellorar a calidade lingüística pode consultarse Sánchez Rei (2014) e Sanmartín Rei (2009).

No grupo 1, os informantes 01 e 19 consideran a demografía e a maneira de relacionarse unha das principais causas: no rural as relacións son entre veciños; a cidade recibe xente de fóra e as relacións non son tan próximas. As informantes 16, 06 e 12 achan, porén, que continúa existindo a diferenza rural/urbano asociada a menos/máis status social. Aliás, consideran que moitos pais e nais galegofalantes falan ás súas crianzas en castelán porque asumen que así van ter máis posibilidades e máis oportunidades na vida.

No grupo 2 as opinións son similares ás do primeiro grupo. A maioría de informantes aluden aos “valores culturais” que se gardan na aldea e non na cidade; na aldea pode preservarse a identidade e na cidade isto pasa a un segundo plano. A informante 2, que se mostra máis decidida nesta cuestión, afirma que “hai moita xente que segue a pensar que o galego “é de segunda” xa que a eles e a elas así llo fixeron sentir no seu día e pensan que educar as súas fillas en castelán é a mellor opción. Detrás disto hai moita vergoña polo propio, pola raíz, pola terra”.

O informante 13 considera que se debe tamén a razóns históricas: a marxinação do galego durante os séculos escuros e despois no franquismo; ademais, a instalación de clase alta nas cidades influíu sobre o resto de habitantes.

O informante 07 tamén acha que o uso do castelán en cidades como A Coruña vén dado en parte polas políticas lingüísticas que levaron eses concellos, onde se utilizou o castelán de forma sistemática en moitos ámbitos, por exemplo na toponimia.

4.8. O futuro da lingua

[“Nos últimos anos descendeu moito o número de persoas galegofalantes. Ten algunha importancia que a lingua chegue a desaparecer ou considerades que é natural que as linguas acaben extinguíndose?”]

Nos dous grupos a resposta é taxativamente que si ten importancia. En todos os casos se alude a que a lingua é un sinal máis de identidade e unha riqueza, como o é a diversidade lingüística no mundo. A maioría de informantes considera, alén de máis, que non acredita en que a nosa lingua chegue a desaparecer. Con todo, o informante 19 (G1), aínda que cre que non se vai extinguir, pensa que a lingua galega poderá ficar relegada a “círculos máis restrinxidos, grupos familiares e relacións cotiáns”.

4.9. Imposición do galego

["En Cataluña impoñen o catalán". Considerades iso certo? Pensades que ocorre o mesmo co galego?]

No grupo 1, a resposta maioritaria é que no caso de Cataluña non hai imposición, mais ben hai unha defensa e un respecto pola lingua propia, que ademais é utilizada tanto polas clases altas como polas baixas. O informante 23, porén, considera que

é certo que en Cataluña impoñen o catalán porque, na miña opinión, úsano coma unha ferramenta máis para a política. Creo que iso co galego non pasa, afortunadamente, xa que considero que debemos ser os galegos os que decidamos usalo e defendelo de xeito voluntario, sen que ninguén o impoña.

A informante 12 coída que considerar que o uso dunha lingua propia é unha imposición debería ser motivo de reflexión. No caso galego afirma que existen “discursos falaces” sobre a imposición do galego, desenvolvidos por colectivos como Galicia Bilingüe, que só xustificaron actuacións por parte da Xunta de Galicia.

No segundo grupo tamén a maioría coincide en que non se produce unha imposición do catalán, senón un uso normal da lingua. O informante 03 afirma que a situación do galego e do catalán non son para nada a mesma, porque as administracións e os medios de comunicación teñen un papel moi importante. Tamén a maioría considera

que a idea da imposición se utiliza en Cataluña en detrimento do independentismo (informante 15) e en xeral que en Cataluña existe un “forte sentimento nacionalista” (informante 13) que defende e normaliza a lingua.

Só unha informante, a 22, acha que, no caso do catalán, si que se impón, porque se utiliza como arma política. A respecto do galego di que “é obvio que non ocorre o mesmo (feito que non me parece mal) pero si que sería adecuado que tivese máis apoio o emprego do galego por parte das administracións públicas”.

A informante 14 afirma que é obvio que non existe unha imposición do galego polo simple feito de que non se emprega maioritariamente nin no ámbito da educación nin no da política. O informante 07 indica tamén que esta idea falsa de imposición do galego foi a que levou a aprobar o Decreto de plurilingüismo, que “lonxe de promover o uso do galego, na práctica prohibe a ensinanza en galego en determinadas materias”. En xeral, pois, todas as persoas informantes consideran que non existe unha imposición do galego.

4.10. Galego e portugués

[“Hai quen defende que o galego e o portugués son a mesma lingua. Que opinades ao respecto?”]

A resposta maioritaria é que a raíz do galego e do portugués é a mesma, mais hoxe en día son linguas diferentes. Para xustificar isto, unha grande maioría exemplifica que, cando falan cun portugués, non conseguen entender o que di e tampouco á inversa, se eles lles falan en galego.

O informante 23 considera tamén que son linguas diferentes, mais que cada día son máis parecidas e isto non lle parece axeitado, porque se se quere facer unha diferenciación co castelán, tamén se debe facer co portugués.

A informante 12 xulga que si, que son a mesma lingua, e que as circunstancias sociopolíticas as foron distanciando. Alude ao acordo entre a RAG e o ILG do ano 1982 que provocou un maior afastamento entre as linguas “obviamente cunha clara compoñente política”.

Canto ao grupo 2, todos, a excepción dun informante, achan que as dúas linguas tiveron un pasado común, mais na actualidade son linguas diferentes e, ademais, non conciben “esa teima de querer parecerse á lingua lusa” (informante 02). A informante 22 considera, alén diso, que, xa que galego e portugués non son a mesma lingua, non está de acordo coas mudanzas promovidas pola RAG, que nos aproximan ao portugués e que ademais empregan palabras que nunca foron empregadas polos nosos antepasados.

A posición do informante 7 é a excepción e tamén a máis rotunda. Asegura que as dúas linguas son o mesmo idioma e acha que a única diferenza é a pronuncia. Para exemplificar isto, escribe toda a súa opinión en portugués e a seguir explica a existencia de dúas normas para o galego que, na súa opinión, debían ser estudadas, ambas, no colexio¹². A partir desta intervención hai unha discusión entre el e o informante 13 que, aínda que entende a postura do outro informante, considera que as dúas linguas colleron camiños diferentes; e así como a evolución foi diferente tamén as linguas son diferentes. Este, alén de máis, explica que aínda que entende o que o informante 7 escribe, el non sería capaz de o facer nin sería quen de entender un portugués.

Para xustificar a súa opinión, o informante 7 explica que non estamos acostumados a escoitarmos falar en portugués, mais si estamos máis acostumados a escoitarmos

¹² A respecto da existencia de varias normas para o galego véxase Sánchez Vidal (2010).

falar español a unhas persoa de Cádiz ou de Chile: hai diferenzas na pronuncia, mais ninguén diría que son linguas diferentes. Iso é o que, segundo el, sucede tamén co galego e portugués.

5. Conclusións

Chegados ao final desta análise sociolingüística podemos extraer varias conclusións. En primeiro lugar, canto ao traballo de análise, constatei que a de tipo cuantitativo é relativamente fiábel, porque os e as informantes non adoitan contestar sempre con sinceridade ao que se lles pregunta, de modo que os resultados sempre están condicionados. Porén, a análise de tipo cualitativo permite saber de forma moito máis directa o que as persoas informantes pensan, sobre todo no que se refire ás súas actitudes cara a lingua.

Canto ás conclusións finais extraídas dos resultados da propia análise, pódese dicir que o galego goza de boa saúde no Concello de Arzúa, mais esta situación mantense grazas ás xeracións adultas. Nas últimas décadas, e especialmente nesta última, o uso do galego en Arzúa descendeu de tal maneira que hoxe en día hai tantas crianzas que falan galego como castelán. Por outro lado, comprobamos como, aínda que a maioría de falantes utilizan o galego en todos os ámbitos, se produce unha mudanza de idioma moitas veces no traballo. A lingua na lectura é maioritariamente o castelán e, no caso das crianzas, moitas descoñecen inclusivamente que existan debuxos en galego. No comercio local de Arzúa o galego é tamén a lingua principal, aínda que máis da metade dos e das empregados mudan de lingua en función do interlocutor. Respecto ás actitudes extraídas desta análise, a maioría da xente de Arzuán xulgan que a ruptura da transmisión xeracional, a ausencia do galego na escola e nos medios de comunicación e a idea do galego como lingua non prestixiosa, son as principais causas da perda de galegofalantes. Os prexuízos non parecen vigorantes na maioría

de arzuás e arzuáns, mais si na xente máis idosa, que, por exemplo, considera alleo o “galego” e identifícase co “gallego”, que trata como a súa lingua propia. Desta forma asume que o que eles e elas falan non é correcto na actualidade.

A análise cualitativa permítenos concluír que, en xeral, os arzuáns e arzuás teñen unha imaxe positiva da lingua, enténdena como símbolo esencial da nosa identidade, son conscientes de que continúan existindo prexuízos arredor da lingua e achán que en ningún caso se impón o galego, máis ben todo o contrario. Hai máis discrepancias na definición do que é o galego normativo, aínda que o grupo máis novo o ten máis claro. A respecto de se o galego e o portugués son a mesma lingua, a maioría négao aínda que constata que tiveron unha mesma raíz. Aliás, moitos e moitas consideran que o achegamento cara ao portugués é unha solución pouco axeitada. En xeral, aínda que existen discrepancias en certas cuestións, as actitudes dos arzuás e arzuáns son moi conscientes e positivas.

6. Bibliografía

- Formoso Gosende, Valentina (2013). *Do estigma á estima: Proposta para un novo discurso lingüístico*. Vigo: Xerais.
- González González, Manuel (dir.) (2003). *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González González, Manuel (dir.) (2007). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. 1: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González González, Manuel (dir.) (2008). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. 2: *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- González González, Manuel (dir.) (2011). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. 3: *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Gradín Lago, Carlos (2007): “Determinantes socioeconómicos da lingua: o caso do galego”, *Revista Galega de Economía* 16/1, 155-172.
- Iglesias Álvarez, Ana (2002). *Falar galego: “No veo por qué”*. Vigo: Xerais.
- Iglesias Álvarez, Ana (2013). “‘Eu falo castrapo’. Actitudes dos adolescentes ante a mestura de linguas en Galicia (estudio piloto)”. En Gugenberger, Eva & Monteagudo, Henrique, Rei-Doval, Gabriel (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*, 169-190. Santiago de Compostela: Consello de Cultura Galega.
- Iglesias Álvarez, Ana (2016). “Castelanismos e galeguismos. A súa relación co estándar”, *Estudos de lingüística galega* 8, 107-125.
- Instituto Galego de Estatística (2018). *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*. Santiago: Instituto Galego Estatística.
- Instituto Galego de Estatística (2019). *Cifras oficiais da poboación: Padrón municipal de habitantes*. Santiago: Instituto Galego Estatística.

- Instituto Galego de Estatística (2020). *Afiliacións á Seguridade Social por municipio de residencia do afiliado. Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral*. Santiago: Instituto Galego Estatística.
- Monteagudo, Henrique, Loredó, Xaquín & Vázquez, Martín (2016). *Lingua e sociedade en Galicia: A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Monteagudo, Henrique, Loredó, Xaquín & Vázquez, Martín (2018). *Lingua e sociedade en Galicia: Resumo de resultados 1992-2016*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Ramallo, Fernando (2012). “El gallego en la familia. Entre la producción y la reproducción”, *Caplletra* 53, 167-191.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2009). “Ás voltas co significado da estandarización”. En García Negro, María Pilar (ed.), *Sobre o racismo lingüístico*, 95-121. Ames: Edicións Laiovento.
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (ed.) (2014). *Modelos de lingua e compromiso*. A Coruña: Baía.
- Sanmartín Rei, Goretti (2009). *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación lingüística*. Vigo: Xerais.
- Sánchez Vidal, Pablo (2010). *O Debate Normativo da Lingua Galega (1980-2000)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Seminario de Sociolingüística da RAG (1994). *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Seminario de Sociolingüística da RAG (1995). *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Seminario de Sociolingüística da RAG (1996). *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Servizo de normalización lingüística do Concello de Arzúa (2018). *Usos lingüísticos do alumnado do Concello de Arzúa*. Copia mecanografada, Concello de Arzúa.

Silva Valdivia, Bieito (2006). *Castelanismos morfosintácticos no galego. Avaliación da competencia do alumnado*. Santiago de Compostela: Instituto de Ciencias da Educación da USC.

Subiela, Xaime (2010). “A lingua galego alarmas e esperanzas”. En Álvarez Pousa, Luís (dir.), *Informe Galicia 2010*, 247-270. Santiago de Compostela: Atlántica de Información e Comunicación de Galicia.

Anexo I¹³

CUESTIONARIO A. USO DO GALEGO NO CONCELLO DE ARZÚA

Este cuestionario realízase con fins académicos e pretende servir como fonte para a elaboración dun traballo que analice a situación sociolingüística do Concello de Arzúa. As respostas son totalmente anónimas.

Sexo: Feminino Masculino

Ano de nacemento: _____

Lugar en que te criaches: Arzúa (vila) Aldea

Profesión de teus pais ou das persoas con quen te criaches:

Teu pai é galego: Si Non

Túa nai é galega: Si Non

Actualmente, onde está o teu centro de traballo/estudos?

Arzúa Outro: _____

(Rodea cun círculo a opción que mellor se adaptar ao teu caso)

1. Cal é a túa lingua habitual:

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

2. Que lingua se fala habitualmente na túa casa?

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

3. En que lingua falas habitualmente no teu centro de traballo/estudos?

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

4. Que lingua utilizas noutros ámbitos? (centro de saúde, supermercado...)

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

5. Se algunha persoa galega, mais non do teu contorno próximo, fala contigo en castelán, en que lingua respondes?

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

6. Se algunha persoa galega, mais non do teu contorno próximo, fala contigo en galego, en que lingua respondes?

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

7. En xeral, escolle a opción que mellor se adaptar ao teu caso (non teñas en conta situacións puntuais en que debas mudar de lingua):

a) Falo sempre en galego

¹³ Este cuestionario estivo dirixido ás persoas adultas que cursaran os seus estudos primarios en Arzúa. A maioría dos inquéritos foron realizados de forma online e houbo un total de 181 participantes.

- b) Falo máis castelán que galego
- c) Falo máis galego que castelán
- d) Falo sempre en castelán

8. Consideras de mala educación dirixíreste a alguén en galego se che está falando en castelán?

- a) Si
- b) Non
- c) Depende (explica):

9. Consideras de mala educación dirixíreste a alguén en castelán se che está falando en galego?

- a) Si
- b) Non
- c) Depende (explica):

10. Cres que o galego que normalmente se usa está mal falado?

- a) Si
- b) Non

11. Les libros en galego habitualmente?

- a) Si
- b) Non

12. En que lingua les máis?

- a) en castelán
- b) en galego
- c) nas dúas linguas por igual

13. Gostas de leres libros en galego?

- a) Si
- b) Non

14. Consideras que no Concello de Arzúa se fala moito galego?

- a) Si
- b) Non

15. Cres que nos últimos anos se fala menos galego en Arzúa que cando ti eras pequeno/a?

- a) si
- b) non

*Se a resposta é si, saberías dicir cal podería ser a causa?

16. Cres que o Concello de Arzúa fai unha boa promoción do galego?

- a) Si
- b) Non

17. Cres que, en xeral, as empresas e tendas de Arzúa promoven o uso do galego (publicidade, promocións, atención ao público, redes sociais)?

- a) Si
- b) Non

Anexo II¹⁴

CUESTIONARIO B. USOS LINGÜÍSTICOS DO ALUMNADO DO CONCELLO DE ARZÚA [4º primaria]

Sexo: Feminino Masculino

Ano de nacemento: _____

Lugar onde vives: Arzúa (vila) Aldea

Centro de estudos: CEIP Arzúa Colexio Nosa Señora do Rosario (“Atocha”)

Profesión de teus pais/nais ou das persoas con quen te criaches: _____

Teu pai é galego?: Si Non

Túa nai é galega?: Si Non

(Marca cun círculo a opción que mellor se adaptar ao teu caso)

1. Cal é a túa lingua habitual:

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

2. Que lingua se fala habitualmente na túa casa?

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

3. En que lingua falas habitualmente no colexio?

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

4. Que lingua utilizas habitualmente noutros ámbitos? (centro de saúde, supermercado...)

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

5. Se algunha persoa galega, que ti non coñeces, se dirixe a ti en castelán, en que lingua respondes?

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

6. Se algunha persoa galega, que ti non coñeces, se dirixe a ti en galego, en que lingua respondes?

a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

¹⁴ Este inquérito foi realizado ao alumnado de 4º de Primaria dos dous colexios de Arzúa. Os cuestionarios cubríronse de forma presencial na propia aula e estando eu presente. Houbo un total de 40 participantes.

7. En xeral, escolle a opción que mellor se adaptar ao teu caso (non teñas en conta situacións puntuais en que debas mudar de lingua):

- a) Falo sempre en galego
- b) Falo máis castelán que galego
- c) Falo máis galego que castelán
- d) Falo sempre en castelán
- e) Falo nas dúas linguas por igual

8. Cres que é de mala educación falar galego con alguén que fala castelán?

- a) Si
- b) Non
- c) Depende (explica):

9. Cres que é de mala educación falar castelán con alguén que fala galego?

- a) Si
- b) Non
- c) Depende (explica):

10. Cres que o galego que normalmente se usa está mal falado?

- a) Si
- b) Non

11. Les libros en galego habitualmente?

- a) Si
- b) Non

12. En que lingua les máis?

- a) En castelán
- b) En galego
- c) Nas dúas linguas por igual

13. Gostas de leres libros en galego?

- a) Si
- b) Non

14. Ves debuxos en galego?

- a) Si
- b) Non

*Se a resposta é non, cal é o motivo?

- a) Non che gustan
- b) Non coñeces debuxos en galego
- c) Outra: _____

15. escoitas música en galego?

- a) Si
- b) Non

14. Consideras que no Concello de Arzúa se fala moito galego?

- a) Si
- b) Non

Anexo III¹⁵

CUESTIONARIO C. USO DO GALEGO NAS EMPRESAS DE ARZÚA

Este cuestionario realízase con fins académicos e pretende servir como fonte para a elaboración dun traballo que analice a situación sociolingüística do concello de Arzúa. As respostas son totalmente anónimas, polo que non será publicado o nome da empresa en ningún momento.

1) **Tipo de empresa** (zapataría, bar, librería, tenda de roupa, taller de mecánica etc...):

2) **Ano de fundación:**

(Rodeade cun círculo a opción que mellor se adaptar ao voso caso)

3) **Lugar en que se sitúa:**

- a) Arzúa (vila)
- b) Aldea

4) **En xeral, cal é a lingua habitual dos empregados e empregadas desta empresa fóra do traballo?**

- a) Todos e todas falan en galego
 - b) Todos e todas falan en castelán
 - c) A maioría fala en galego
 - d) A maioría fala en castelán
 - e) A maioría fala nas dúas linguas por igual
-

5) **En xeral, en que lingua vos dirixides ao público nesta empresa?**

- a) Sempre en galego
 - b) Maioritariamente en galego
 - c) Sempre en castelán
 - d) Maioritariamente en castelán
 - e) En galego ou en castelán máis ou menos por igual
 - f) Outra: _____
-

¹⁵ Este cuestionario estivo dirixido a pequenas empresas e comercios de Arzúa. Participaron 7 bares, 1 tenda de deseño gráfico, 1 clínica dental, 1 tenda de fotografía, 3 zapatarías, 1 empresa de instalacións eléctricas, 1 herboristaría, 1 floristaría, 2 perfumarías, 4 tendas de roupa, 1 tenda de informática, 3 librerías, 1 estanco e 2 farmacias.

6) **Se algunha persoa galega acode ao voso establecemento falando en castelán, en que lingua respondedes?**

- a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

7) **Se algunha persoa galega acode ao establecemento falando en galego, en que lingua respondedes?**

- a) Galego b) Castelán c) Outra: _____

8) **Considerades unha falta de respecto atender alguén en galego se antes se dirixiu a vós en castelán?**

- a) Si b) Non
c) Depende(explica): _____

9) **Considerades unha falta de respecto atender alguén en castelán se antes se dirixiu a vós en galego?**

- a) Si b) Non
c) Depende(explica): _____

10) **En que lingua promocionades o voso establecemento (cartaces de rebaixas, promocións especiais, publicidade en escaparates...)?**

- a) Galego b) Castelán c) Galego e castelán
d) Outra: _____

***Por que o facedes nesa(s) lingua(s)?**

11) **Tedes redes sociais?**

- a) Si b) Non

***Se a resposta é si, en que lingua escribides nelas?**

- a) Galego b) Castelán

- c) Máis galego que castelán d) Máis castelán que galego
e) As dúas por igual f) Outra: _____

12) **Credes importante que as empresas de Arzúa promovan o uso do galego (mediante publicidade, atención ao público, redes sociais...)?**

- a) Si b) Non

13) **Credes que a lingua que utilizades no voso establecemento pode repercutir no uso do galego por parte da xente nova?**

- a) Si b) Non

***Se a resposta é si, por que? _____**

Anexo IV¹⁶

DEBATE NO FORO LINGÜÍSTICO

GRUPO 1

1. Credes que o ensino debería ser todo en galego?

INFORMANTE 19. Si, penso que non debería de haber problema para que a totalidade das materias se poidesen impartir en galego.

INFORMANTE 05. A verdade é que non. Se alguén ensina por exemplo inglés deberíao facer nesa mesma lingua..o mesmo para francés ou castelán.

INFORMANTE 01. Creo que sí, coma lingua vehicular.

INFORMANTE 12. Na miña opinión si, é a única maneira de normalizar a lingua galega e que esta non se perda e as novas xeracións adquiran plenamente todas as competencias lingüísticas en galego. Este feito non é impedimento para que no currículo escolar se introduza o ensino doutras linguas, algo totalmente saudábel e recomendábel.

INFORMANTE 06. Agás a ensinanza de idiomas e literatura española, o resto de materias poderían ser en galego. Importante tamén que o profesorado estivese preparado para facelo.

MODERADORA. Consideras entón que, en moitos casos, é o profesorado o que non está preparado para desenvolver as aulas en galego?

INFORMANTE 05. Por suposto que o creo! O mesmo que noutras linguas...a cantos coñeces por exemplo de primaria que falen exclusivamente durante toda a hora en inglés e que dispoñan de recursos para poder ensinar se recurrir a outra lingua? Despois dispoñen dun extranxeiro para practicar a fala...pois o mesmo con outros profes que non dominan o galego

INFORMANTE 16. Eu tamén estou dacordo en q non todo o profesorado está preparado

INFORMANTE 16. Penso q si, quitado claro, o q é ensino d idiomas, chámese inglés, español, francés, etc.

INFORMANTE 23. Na miña opinión, penso que a maioría de materias deberían ser impartidas en galego pero non exclusivamente nesta lingua, xa que deste xeito, poderanse perfeccionar outras linguas.

INFORMANTE 21. Eu penso que si debería ser en galego, ensinarlle os nosos nenos a nosa lingua

MODERADORA: Credes que debería ser un requisito o coñecemento da lingua galega para acceder a un posto público?

INFORMANTE 05. Pois non sei, depende do traballo porque agora mesmo estou imaxinando un nativo no colexio cun contrato temporal que ven exclusivamente para ter charlas cos cativos exclusivamente nesa lingua extranxeira e que este curso está

¹⁶ Neste anexo recóllense todas as preguntas e respostas do foro online que substituíu os grupos de discusión. Participou un total de 20 persoas, nadas e/ou residentes en Arzúa. As respostas foron transcritas tal e como as escribiron os e as informantes.

aquí e o próximo en Barcelona ou no País Vasco ou noutro país...e ten que sabelos todos?? Habería moitos exemplos: médicos, científicos...

INFORMANTE 06. Se ese posto é definitivo, por suposto que sí. Valoraría no caso, como di outro informante, de persoas estranxeiras con contratos temporais ou similar. En calquera caso, tería en conta o coñecemento do galego para calquera posto de traballo ao público.

INFORMANTE 16. Por suposto q pa acceder a un posto de traballo público, debería ser requisito Indispensable

INFORMANTE 19. Tiña entendido que xa era obrigatorio, ou polo menos pensaba que o coñecemento do galego era unha das partes que mais sumaba nunha oposición.

INFORMANTE 12. En resposta a esta pregunta, coincido con outrxs informantes: considero que si, debería ser requisito imprescindible o coñecemento da lingua galega para o acceso a calquera cargo público na Galiza. Ninguén discutiría que en calquer outro lugar non fose requisito que os e as persoas que son cargos públicos non coñecesen a lingua propia.

Por suposto, haberá que dar as ferramentas necesarias para as persoas que se incorporan poidan ter a formación precisa para ser competentes en galego, como é lóxico. É a única forma tamén de que non se xeren discriminacións (como as que se abordaron xa nalgún outro fío de debate) así como para que a nosa lingua sexa plenamente normalizada e non relegada de certos ámbitos públicos.

2. Algunha vez vos sentistes discriminados por falar na vosa lingua (sexa esta galego ou castelán)?

INFORMANTE 01. Eu non teño problema en utilizarlos idiomas que coñezo según o seu contexto lingüístico, mais só atopo dificultades cando quero facer uso do galego, curiosamente, no eido administrativo, cando esixo seren atendido na miña lingua.

INFORMANTE 19. Non, o certo é que só nunha ocasión se me faltou un pouco ó respecto pero esa ocasión foi só unha persoa e non me pareceu que se poidera estender esa actitude á globalidade dos que alí estaban.

INFORMANTE 05. Non directamente. Pode ser algunha mirada dalgún medio intolerante pero nada novo que destacar

INFORMANTE 12. Coido que non momento en que, por exemplo, solicitas algún impreso nunha administración pública en lingua galega e non cho facilitan, dirixeste a algunha entidade privada para formalizar un contrato e non cho facilitan en galego (é máis, es ti mesm@ quen, se o queres ter, tes que facilitarlles a tradución), cando queres ter acceso a filmes ou música en galego nos circuítos grandes circuítos comerciais e non o tes, cando requires atención telefónica na túa lingua, poño por caso, na túa compañía telefónica e non cha facilitan etc etc. xa estás a sufrir esa discriminación e aí é onde se vé moi claramente as dificultades que ten o noso idioma para chegar a ser "normal". Eu persoalmente, vivín todas estas situacións e si, calificaríaas de discriminatorias.

INFORMANTE 06. Sí me teño sentido discriminada por utilizar a miña lingua. Especialmente no pasado e nun ambiente de cidade. Unha discriminación "sutil", que non deixa de ser discriminación.

MODERADORA: Podes pór algún exemplo concreto?

INFORMANTE 06. Por exemplo, en época universitaria nunha cidade moi impregnada de diglosia como A Coruña. Hai 20 anos, saías de Festa e había quen che preguntaba "y luego, tú hablas siempre en gallego?". E na infancia, cando viñan as "primas da Coruña" e os da aldea cambiábase o idioma para dirixirnos a elas. Éramos nenos, pero recibíamos esa mensaxe...

INFORMANTE 16. Pola miña idade fun educada en castellano, e parecíame totalmente normal e adecuado usar ese idioma nos documentos, pero, desde q teño conciencia plena do importante q é pa min a miña fala, e son capaz de presentar unha reclamación de calquera tipo, no meu idioma (aínda q teña q preguntar se así está ben escrito), non percibo discriminación, aínda q o funcionario de turno non me mire ben, pero cando fago unha reclamación a movistar, q teoricamente te atende no idioma q ti elixas, e non consigo q m atendan e entendan, aí si que me considero discriminada

INFORMANTE 19. E tamén penso que o tema das relacións coas administracións non se debería de considerar discriminación senón deixadez pola parte das administracións. Discriminación ven a ser un trato distinto por mor de, entre outras cousas, a lingua, pero cando pedimos impresos na nosa lingua e non nolos dan é mais ben porque non os teñen e cando o que nos atende non o quere facer en galego de seguro que acedeu ó posto antes de que fose unha obriga o dominio do galego para ese posto. Sí, xa sei que non sempre se chega por oposición pero eso pasa, de xeito lamentable, en veces de mais. Entendo que son un pouco iluso pero penso que as trabas non son pola nosa fala senón pola incomodidade que lles causamos.

INFORMANTE 12. Pero non cres que se xera unha discriminación no momento en que como falante do galego non podes ter acceso a documentación na túa lingua? Eu penso que é claramente un exemplo de discriminación, e desa posición do galego como lingua non prestixiada e que polo tanto non serve para os contextos, digamos, cultos. Máxime cando a lexislación reconece o dereito a ter eses documentos na lingua, neste caso considerada polo Estatuto de Autonomía como oficial no marco administrativo galego, e co-oficial no Estatal, pero constantemente concúlcase ese dereito ás e aos galegofalantes, ergo, trátase dunha discriminación :-)

INFORMANTE 19. Sigo a pensar que - para mín - non é unha discriminación, para que así fora debería de existir unha intención previa de rexeitar un ente, unha raza ou neste caso unha lingua. Sigo a pensar que é unha arrepiante falla de sensibilidade, amor e respecto por unha lingua e mais aínda cando eso sucede nunha admistración, pero como tampouco son a totalidade de funcionarios nin a totalidade de papeis os que non podemos amañar en galego vou seguir culpando ó departamento ou ó funcionario que non me facilita este trámite.

INFORMANTE 23. Afortunadamente non. Sí que é certo que non sempre me sentín cómodo falando con outros na miña lingua (no meu caso o galego), debido á dificultade que teño notado na comprensión por parte dalgún interlocutor (normalmente xente estranxeira), pero en moi poucos casos.

3. Debería o concello de Arzúa utilizar o galego en todos os ámbitos?

INFORMANTE 01. Sen dúbida. Enganado eu ou non no que vou dicir, penso que (en verbas grosas) debes falalo idioma de quen te paga. (Enténdase isto último)

INFORMANTE 19. Penso que sí, é a nosa lingua e debería de ser a oficial en tódas as comunicacións.

INFORMANTE 05. Por suposto

INFORMANTE 12. Por suposto. Os concellos galegos teñen o dereito, mais tamén o deber, de impulsar o proceso de normalización da lingua galega tal e como lembra o artigo 5 do Estatuto de autonomía. Aínda así, 36 anos despois da aprobación da Lei de Normalización lingüística, 31 anos despois da Lei de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, 15 anos do PXNL... continúa a existir unha importante desorientación neste sentido. En moitos casos enténdese limitase a normalización lingüística a unha área, reducida a un ámbito concreto e non ligada ao que debe ser o conxunto da actividade municipal. Os gobernos municipais deben velar polo cumprimento deste deber, tanto nos efectos internos como nos externos, e non permitir que, como está a acontecer no caso de Arzúa, haxa documentación interna que neste momento se está redixido en castelán. Desde os gobernos municipais débese ser pedagóxico mais tamén insistentes no cumprimento deste deber.

MODERADORA. Podes pór un exemplo desa "documentación interna" da que falas? Quero dicir, a documentación que dis que se redacta en castelán, pertence a unha área en concreto?

INFORMANTE 12. Pois por exemplo, informes de Secretaría, recentemente o que se atinxe ao informe xurídico referido ao estado dos expedientes de contratación en tramitación e os contratos de execución unha vez decretado o Estado de alarma propiciado pola crise do COVID19, asinado polo alcalde do Concello xunto coa Secretaria. Esa é documentación interna.

Mais, acabo de ver outros dous exemplos que na miña opinión, e tendo en conta que o Concello de Arzúa conta cun contrato de varios meses dunha persoa facendo as funcións de normalización lingüística, creo que non son entendíbeis: por exemplo, o conto que se colgou nas RRSS do Concello relacionado coa saída das e dos menores á rúa ou a documentación do "Proyecto Solidario #CuarentenaActiva" que está integramente en castelán. Se ben é certo que o Concello o copia da S. Coop. Lémbrete Unidade de Memoria, coído que podería terse solicitado en galego antes de publicala e, se non lle é facilitala, proceder a editala en galego, ben sexa botando man do Servizo de Normalización Lingüística do Concello ou, se isto non poidese ser polo motivo que sexa, solicitándollo á Deputación, que tramén presta este servizo.

INFORMANTE 06. Debería, a normalización do uso da nosa lingua por parte das institucións, considero que axuda a fomentala, a introducila e a " darlle lugar".

INFORMANTE 16. Si si si, por suposto

INFORMANTE 23. Eu penso que debería ser obrigatorio. De tódolos xeitos tamén creo que debería haber a opción doutras linguas (como o castelán e o inglés) no caso de que certa xente non fose capaz de entender algún contido en galego.

4. Alguén sabe que é un Servizo de Normalización Lingüística?

INFORMANTE 01. O instrumento político para o anterior.

INFORMANTE 19. Debería de ser unha ferramenta para unificar a nosa lingua dotándoa de unhas directrices xerais e unhas liñas de actuación, mágoa que non sexa doado de acadar ese propósito porque as costumes na fala das distintas partes de Galiza non son sinxelas de trocar.

INFORMANTE 12. Son departamentos técnicos que asesoran ás institucións nas que se conta con eles (xa que non todas contan con este servizo) para fomentar a normalización do

galego. A finalidade que teñen é servir de impulso no uso e no prestixio da nosa lingua en todos os ámbitos de influencia. Porén, como xa fixen referencia nunha pregunta anterior, en moitos casos, como por exemplo acontece en moitos Concellos, acaban limitados a exercer de meros "tradutores" de documentación interna, perdéndose a necesaria función que deben ter á hora de planificar, executar e avaliar a política lingüística a nivel municipal, con esa necesaria vertente de traballo "cara fóra", servindo de dinamizadorxs da lingua en todos o ámbitos e actividades, involucrando á veciñanza.

INFORMANTE 06. Un organismo encargado de fomentar o uso da lingua en tódolos eidos e que sirva de consulta para unificar as medidas a tomar para tal fin.

INFORMANTE 16. Pa min sería a entidade q se encarga d revisar q todo o q se publique estea no noso idioma, e "ben escrito" e q digamos anime a q se fagan cousas favorecendo a nosa fala

INFORMANTE 23. Entendo que será algún tipo de institución que se encarga de promover e difundir o galego en certos ámbitos. Aínda que teño que recoñecer que sen procurar información en internet, descoñezo a súa función exacta.

MODERADORA. Sabedes se o concello de Arzúa conta con este Servizo?

INFORMANTE 05. Eu vexo que cada pouco convocan oposición para ese posto. O que pasa despois...nin idea

INFORMANTE 12. Conta, en concreto desde o ano 2008. Aínda que na miña opinión, en precario, pois depende dunha subvención da Deputación e iso só permite ter á persoa contratada como normalizadora algúns meses do ano. Na miña opinión, e como a CTNL reclamou ao Concello de Arzúa, deberíase crear na RPT do Concello a praza de Técnico de Normalización Lingüística, de maneira que se poidese dar estabilidade e unha maior utilidade a este servizo.

INFORMANTE 06. Sei que conta con el, pero descoñezo o seu organigrama e funcionamento na práctica.

MODERADORA. E credes que estes Servizos deben existir? É dicir, credes que as administracións públicas deben gastar cartos niso?

INFORMANTE 05. Non o sei. Na teoría parece útil... na práctica sinceramente non teño nin idea...semella que funcionan como meros tradutores...pero non sei realmente o que fan... non son quen de opinar sobre o traballo de outros cando non teño coñecemento

INFORMANTE 06. Penso que deberían existir, con garantías de que cumpren coa súa función. Que non sexa un organismo desconectado da realidade, ou para xustificar investimentos que logo a nivel práctico non vexamos o seu reflexo.

INFORMANTE 19. Eu penso que ese servizo de normalización debería de arrincar desde a escola e despois sería innecesario ter que andar normalizando. É o mesmo que as vacunas, a cousa é non pillar unha enfermidade, non andar logo a mirar de curala e amañar o desfeito. Os que somos maiores xa non temos remedio pero os que veñen atrás deberían de chegar a adultos sabendo que falan unha lingua correctamente. O problema é que si cando empezan a estudar lles volve a pasar o que nos pasou ós demáis, que non estaba claro para onde había que tirar, pois mal ímos.

INFORMANTE 12. Por suposto, nunha situación de desigualdade como a que sofre a nosa lingua propia, as políticas lingüísticas son necesarias, e dentro destas, como

instrumento, os servizos de normalización lingüística. Outra cousa é o funcionamento que teñen nalgúns casos, que non é en todos, hai servizos de normalización lingüística que funcionan de acordo co obxecto para o que estes departamentos foron deseñados (poño por caso, no que eu coñezo, o SNL da UdC ou o SNL do Concello de Carballo, cos que por razóns persoais tiven contacto). Non entanto, debería tender a correxirse a situación naqueles SNL nos que a súa función non está cumprindo co obxecto que deberían ter estes servizos.

5. Que é para vós o “galego normativo”?

INFORMANTE 01. Unha estandarización sen sentido que só responde a intereses políticos. De feito, é unha parte da lei. Para min é unha clara agresión ao "consuetudine" d@s galeg@s. Se os organismos políticos asumiran este dereito d@s galeg@s como propio, levaríalles a conclusións como "qué máis derechos teñen de seu?"

INFORMANTE 05. Penso que o galego normativo é o galego oficial que se debería usar non a nivel coloquial senon administrativo. Penso que é a ferramenta para a existencia dunha lingua galega oficial xa que nos diferentes bloques hai unha gran variedade de falas

INFORMANTE 19. Unha cousa que empezou a tentar de implementarse cando estaba a finais da EXB e que para nós era unha toleada, o que che decían un ano que era dun xeito ó ano seguinte era ó contrario e así a maioría dos estudantes remataron collendo unha especie de "tirria" ó estudo da nosa lingua. Resultado: seguimos a falar (e escribir) do xeito que mamamos na rúa.

INFORMANTE 12. A norma á que se chegou polo acordo entre a RAG e o ILG no 82 para a unificación ortográfica e morfolóxica da lingua galega...e que posteriormente foi aprobada e asumida pola Xunta. A normativización é un instrumento necesario en calquera lingua, para facilitar o seu ensino e estudo. Outra cousa é se se concorda con como se chegou ao acordo actual en relación coa grafización e a estandarización do galego...algo co que persoalmente teño discrepancias hehehe, mais supoño que haberá outras preguntas nas que poderemos estendernos nisto.

INFORMANTE 06. Un galego deseñado .Unha normativización necesaria para unificar criterios e poder crear un "galego común" e oficial. Nun idioma tan rico coma o noso, é difícil crear iso e sentilo natural. Para moitas dos que o estudiamos hai anos, cústanos entender a súa evolución.

INFORMANTE 16. Pa min é o q eu non estudiei. Esas normas polas cales se escribe por exemplo: a ver ou haber.

MODERADORA. Vexo que aquí hai bastantes discrepancias. Independentemente de considerardes que o galego normativo teña sentido ou non, credes que debe haber unha variedade de galego específica para usar, por exemplo, en ámbitos formais?

INFORMANTE 05. De non ser así...cal se ensinaría na escola?

INFORMANTE 23. Para min é o galego utilizado formalmente, cumprindo correctamente (tanto no ámbito oral como escrito) coas regras impostas pola RAG.

INFORMANTE 19. Como decía o informante 12 xa hai un acordo entre RAG e ILG, polo que penso que ese debería de ser o que se ensinara. As particularidades propias de cada área deberíanse poder engadir despois, pero só as particularidades de área.

6. Pensades que o galego que falamos normalmente está mal usado?

INFORMANTE 01. Penso que, ao marxe dun proceso de Normativización, respétase a fala propia con candansúa singularidade xeográfica ou socioeconómica.

INFORMANTE 05. Non

INFORMANTE 19. Non, faise o que se pode. Vexo que a cotío ímos incorporando ó noso vocabulario cousas que antes non adoitábase usar e pouco a pouco ímos millorando a nosa expresión individual, a día de hoxe o que non podemos facer é quitarlle valor ós que tentan falar en galego aínda que non sexa correcto, non podemos poñer a estudar ó 100% do pobo.

INFORMANTE 12. Pregunta con aristas hehehe.

Está claro que a efectos puramente obxectivos, cando, por exemplo, os pronomes se colocan mal, cando se empregan directamente castelanismos ou tempos verbais importados do castelán etc, ao igual que diríamos se falásemos calquera outra lingua, obxectivamente podemos dicir que "estamos a falar mal".

Outra cousa é as grallas que poidan cometer persoas que non tiveron como lingua nai o galego, ou que non tiveron oportunidade de estudalo...e aínda así úsano ou intentan usalo. Algo moi de valorar e co que se debe ser moi pedagóxic@s á hora de facer "correccións". O mesmo nos ten acontecido ás persoas que estudamos linguas como por exemplo o inglés, e unha persoa nativa nos corrixe hehehe Creo que isto debe ser feito sempre desde o agarimo e nunca desde a mofa.

Outra cousa é cando desde un cargo ou institución pública galega se dan couces á lingua, como acontece a diario tanto na oralidade como na escrita. Aí xa non é desculpábel, alomenos desde o meu punto de vista.

INFORMANTE 06. Se atendemos á norma, claro que podemos dicir que " está mal usado" . Coincido en que debemos mostrar interese en expresalo o mellor posible, o mellor que sepamos. Sobre todo na escrita. A nivel oral, discrepo do galego " encorsetado" pola norma, agás en ámbitos oficiais, que deberían servir como referencia positiva e, en ocasións, sêrvenme para todo o contrario □
Tamén considero interesante dar folgos, como di outro participante, a que a xente fale o galego que sabe e que pode falar segundo a súa condición, sen sentirse " cuestionado" . O galego mal falado é o que non se fala.

INFORMANTE 16. Eu no falado ,non considero q estea mal

MODERADORA. Vou pór dous exemplos:

1. Ensendín a lus e vin o gható do vesíño
2. Recolle as cucharas da mesa e méteas no lavavajillas

As dúas son frases que escoitamos e dicimos habitualmente na noso día a día. Considerades que as dúas están ben?

INFORMANTE 12. A primeira está correcta na fala (non na escrita), soamente se empregan dialectalismo fonéticos, por certo, outra riqueza que non deberíamos perder. Eu que me criei nunha zona de transición entre o bloque central e o oriental, aínda que levo Tempo xa vivindo en Arzúa, fago o posíbel por non perdelos.

A segunda é incorreta, xa que mestura castelanismos.

INFORMANTE 05. A primeira está ben. O seseo e a gheada son características da fala da zoa e admítense no normativo penso...a segunda leva un par de castelanismos

INFORMANTE 19. Como decía o informante 06 o galego mal falado é o que non se fala.

Agora outra: ¿Ben ou mal falado en referente a qué? Porque como decía ó principio eu falei galego toda a miña vida, pero o galego que falo é o que maméi desde pequeno e é o que escoitaba na casa e mais o que me falaban os veciños. Si collemos esas dúas frases resulta que ningunha delas "entra" no meu rexistro de cotío, polo que podería decir que unha se trabuca por exceso e a outra por defecto, pero como siguen a valer para nos entender podemos dalas por boas.

INFORMANTE 23. Por suposto. Eu son o primeiro que non emprego correctamente o galego normativo no meu día a día. Son consciente de que, por exemplo, non consigo evitar usar certos castelanismos que usei toda a vida e que co paso dos anos cada vez me costa máis deixar de usar.

MODERADORA. E cres que eses castelanismos deturpan a "esencia" do galego?

INFORMANTE 05. Ta vez se deberían erradicar os castelanismos...pero que é a esencia do galego? Cando se recollen as cantigas da música popular están cheas de castelanismos. Falo a nivel coloquial...o normativo é outra cousa...

MODERADORA. Entón consideras que debemos asumir que os castelanismos forman parte da lingua galega porque os utilizamos habitualmente?

INFORMANTE 05. Non é que se usen agora...Se os rapaces aprenden a lingua nos colexios... o normativo... ao mellor acaban por desaparecer pero hoxe por hoxe son do máis habitual e eso ven de moi atrás... sobretudo na fala

Vamos a ver... o galego posúe como todas as linguas moitas palabras importadas. Refirome por exemplo a palabras que usamos a diario como I phone, manager, podemos almorzar un croissant ou merendar unha fondue e usamos expresións como déjà vu ou despedímonos cun ciao etc...que pasa entón cos castelanismos? Pois supoño que ahí aparece un sentimento de resentemento polo maltrato sufrido no pasado. Ahí lembramos o sometemento e son para moitos unha espiña furgando na ferida. Por qué os castelanismos dañan a esenza e outros vocablos non?

INFORMANTE 16. Se falei toda a miña vida así, primeiro cos pais, e agora cos fillos, claro q os teño asumidos como parte da miña lingua, e aínda q m gustaria q non os houbera, eu hoxe -xa non daría-, pero tampouco teño moi claro q queira cambiar a miña maneira de falar, porque sería un pouco como perder "a esencia do Meu galego q mamei"

INFORMANTE 19. De acordo co informante 5, hai castelanismos como hai anglicismos e verbas chegadas de outros moitos sitios. ¿Que hai mais? Normal, levamos séculos de relación co castelán e si lle temos mais tirria a esa lingua que a outras é polo dano que se lle fixo ó galego ata o de agora pero ollo: o castelán, a lingua castelá non ten

culpa, a culpa é de políticos, relixiosos e moitos outros que usaron a lingua como arma de sometemento. Si temos xeito de substituír os castelanismos por palabras propias do galego poderíamos e deberíamos facelo, o que tampouco me parece axeitado é substituír un castelanismo por un lusismo, por exemplo, só polo feito de que un é castelán.

7. Por que nun concello pequeno como Arzúa se fala moito máis galego que nunha cidade como A Coruña?

INFORMANTE 01. Penso que por razóns demográficas. As zonas rurais son emigrantes, e as cidades ao contrario, quen ademais reciben un fluxo de poboación externo por seren cidades departamentais.

INFORMANTE 05. Porque na Coruña xa teñen o Coruño? Hahaha

INFORMANTE 19. As relacións dentro dun pobo ou unha aldea van hacia adentro, refírome con isto a que se interactúa cos nosos veciños con destino ó pobo, nas cidades as relacións teñen tendencia a exetriorizar, a recibir xente de outros sitios e abrirse, ben sexa por negocio ou porque esa mesma xente que chega de fora tende a expandir. Igual non me resulta doado de explicar pero mais ou menos é o meu xeito de velo.

INFORMANTE 12. Ben, neste caso falarei desde a perspectiva dunha persoa que non se criou en Arzúa. No meu caso fun criada nun concello de maior poboación, onde as diferenzas lingüísticas entre as persoas que habitaban o ámbito urbano e as que habitábamos o ámbito rural foron patentes na miña infancia e adolescencia. Salvando excepcións, que obviamente hainas, as habitantes dos ámbitos urbanos tiñan máis estendido o uso do castelán como lingua de uso habitual, pola contra, as persoas que vivíamos no rural, tiñamos como lingua habitual o galego e só cando entrabamos en contacto co ámbito urbano pasábamos a unha situación de diglosia, empregando o castelán nalgúns ámbitos. No meu caso, por exemplo, podo dicir que me aconteceu isto durante algúns anos da miña adolescencia, mantendo o galego como a miña lingua "de pensamento" e no ámbito familiar, mais trocándoa á hora de falar coas miñas amizades castelánfalantes, ou noutros ámbitos, como por exemplo con algún profesorado castelánfalante.

A onde quero chegar con isto? Pois que na miña opinión inflúen compoñentes como a estruturación poboacional e tamén a compoñente claramente de desprestixio que sempre sufriu a lingua galega fronte ao castelán, considerándose á nosa lingua non válida para todos os ambientes e sendo o castelán quen ostentou esa posición de lingua prestixiada, tamén vinculada ás clases sociais altas. Todo isto, cos desprazamentos de poboación dos ámbitos rurais aos urbanos propiciou a substitución lingüística que se foi producindo.

No caso de Arzúa, ao igual que outros concellos do mesmo tamaño poboacional, coido que o feito de sermos un concello eminentemente rural, xunto cos avances á hora de prestixiar o galego, fai que moitas xeracións non se desligasen da nosa lingua, algo que xa non comeza a ser tan evidente nas xeracións máis novas. Por iso son tan importantes o procesos de normalización do galego, facendo que estexa presente en todos os eidos sociais, e as políticas lingüísticas que favorezan a extensión, o ensino e o prestixio da lingua galega.

INFORMANTE 06. Penso que polo seu carácter rural, de feito, agora non tanto, pero ata hai pouco tempo, incluso podíamos diferenciar entre "Arzúa núcleo" e "Arzúa aldeas". En épocas non moi lonxanas da nosa historia, o rural era o "baixo" o "de menos". Os que marcharon da aldea á cidade, tiñan máis doado adaptarse se utilizaban o español dos "señores". Eses mesmos mozos e mozas, cando foron pais na cidade, faláronlles aos seus

fillos en español. Un complexo de inferioridade difícil de desfacer. Aínda hoxe en día observo parellas que entre elas se expresan en galego e coas súas crianzas en español.

Cos anos van desaparecendo as eivas que nos asociaron ao rural e galego cun nivel máis baixo, pero ao meu parecer, non só se vai tratar da lingua, o proceso é lento.

INFORMANTE 16. Eu creo q Toda a xente de aldea de arzua fala galego, xa non pasa o mesmo na Arzua vila, segun vas subindo en categoría de sitio no q vives vas querendo esquecer o "aldeano" d donde saliches, e unha das maneiras, e deixando de falar a tua lingua, e collendo a dos q t rodean

MODERADORA. Resposta para as informantes 12, 06 e 16.
Credes entón que segue existindo "diferenza de clases" no referido ao uso dunha ou outra lingua?

INFORMANTE 12. Na miña opinión, segue existindo. Obviamente non ao nivel no que o sufriron meus avós e avoas, ou meu pai e miña nai, mais si que seguen existindo. Só así se explican algunhas situacións que seguimos a vivir, como expresou out@ informante, nais e pais que son galegofalantes mais que lle falan ás súas fill@s en castelán, considerando que así "van ter máis oportunidades na vida" ou que "o galego non serve para nada máis aló do Padornelo" (argumentos que teño escoitado). E cando a administración pública galega acrecenta esta imaxe da nosa lingua, no canto de combatela.

INFORMANTE 16. Totalmente dacordo

INFORMANTE 06. Aínda temos no noso maxín, ou teñen, a idea de que debemos adaptar a nosa lingua ao interlocutor. Polo que a xente do rural que vai á cidade, moitas veces muda o idioma por "imitación". E sí, creo que para moita xente doutras xeneracións, aínda hai a asociación español-persoa de maior nivel. Cantos dos nosos maiores non tentar falar en español cando van ao médico? Por poñer un exemplo.

Si, creo que sigue existindo esa diferenza Quizais , hoxe en día, incluso máis provocada polo galego - falante que non se cre que o galego é unha lingua igual de "importante" ca outra que pola reacción do castelán -falante . Unha especie de "autodiscriminación", que incluso ás veces funciona como un mecanismo inconsciente

INFORMANTE 21. porque nas zonas rurais tendese mais a falar o Galego que nas cidades

INFORMANTE 23. Supoño que nas cidades é máis fácil atraer a xente de fóra de Galicia. Isto fai que algúns deles boten raíces nestas cidades e que as xeracións posteriores sigan usando a súa lingua materna, diferente ó galego.

8. Nos últimos anos descendeu moito o número de persoas galegofalantes. Ten algunha importancia que a lingua chegue a desaparecer ou considerades que é natural que as linguas acaben extinguíndose?

INFORMANTE 01. O Galego está sendo agredido constantemente por razóns políticas. A xente ten dereito á súa fala propia. @s Galeg@s tamén.

INFORMANTE 05. Por suposto...a lingua defínenos como pobo

INFORMANTE 19. Claro que ten importancia que chegue a desaparecer, e penso que eso non pasará. Sí me parece que se dilúe, as mesmas vías de comunicación son mais en número, mais rápidas e lévannos a sitios moito mais alonxados. Non penso que esté a desaparecer

pero sí penso que ó remate quedará para círculos mais restrinxidos, grupos familiares e relacións cotiáns.

INFORMANTE 06. A lingua que falamos defínenos e únenos como pobo que compartimos historia e xeito de ser. Está comprobado que o idioma tamén nos define como conxunto de xente con sentir común, con costumes e maneiras de relacionarnos máis semellantes e, atreveríame a dicir, que unha mesma lingua nos dá máis seguridade. Conservala é conservarnos. A tendencia é a que mingüe, e con iso mingua a cultura universal.

INFORMANTE 16. Se a nosa lingua desaparecera(cousa q non creo q pase)por suposto qa nosa identidade, o noso pobo desaparecería con ela

INFORMANTE 23. Ten moita importancia. Temos o deber de defender a nosa lingua e facer que un dos aspectos máis importantes da nosa cultura non desapareza.

INFORMANTE 12. Por suposto que ten importancia que unha lingua chegue a desaparecer, na miña opinión é un drama que só contribúe a empobrecer máis, se cabe, o mundo no que vivimos. A lingua propia é expresión da visión do mundo das e dos seus falantes, dun sistema de valores e de coñecementos históricos, culturais, espirituais... a lingua expresa o noso "ser". Decía Castelao que "se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma", e penso que esta frase resúmeo todo.

9. "En Cataluña impoñen o catalán". Considerades iso certo? Pensades que ocorre o mesmo co galego?

INFORMANTE 01. Eu diría que se fai unha defensa, como é normal, da súa lingua. En Galicia o que se impón é un bilingüismo innecesario.

INFORMANTE 05. En Cataluña penso que se respecta máis a lingua, non que se impoña

INFORMANTE 19. Tampouco vexo que o impoñan, o que pasa é que o seu uso se atopa moito mais estendido e a mesma xente que chega de fora se da conta de que expresándose nesa língua as relacións son mais doadas.

INFORMANTE 06. Depende , digo, como boa galega

Non creo que sexa unha imposición. Creo que esa palabra se "vende " para crear polémicas que para a maioría da sociedade catalana son ficticias e con intereses partidistas. Teño contacto frecuente con Cataluña e non é o sentir que me trasmiten as persoas nin é a impresión que me dá a min como visitante (non por motivos turísticos, se non de estudo).

INFORMANTE 16. Penso q os de Cataluña defenden o seu idioma, sobre todo os propios "señores" de alí, cousa q os "señores" d aquí non fan co noso

INFORMANTE 05. En qué ambiente? A nivel rua débese respectar o bilingüismo (sempre enriquecedor) do mesmo xeito que se debe respectar a liberdade de expresión

INFORMANTE 23. Penso que é certo que en Cataluña impoñen o catalán porque, na miña opinión, úsano coma unha ferramenta máis para a política. Creo que iso co galego non pasa, afortunadamente, xa que considero que debemos ser os galegos os que decidamos usalo e defendelo de xeito voluntario, sen que ninguén o impoña.

INFORMANTE 12. Que se considere que nun país o uso normal da súa lingua propia é unha "imposición", é xa de por sí algo que debería levarnos á reflexión. Na miña opinión, o

que acontece en Catalunya é o normal, nunha comunidade de falantes que está orgullosa da súa lingua e da súa cultura, como nos debería acontecer a todos.

En canto ao galego, tamén vivimos, e seguimos a vivir, os discursos falaces da "imposición del gallego" que desenvolveron colectivos como por exemplo, Galicia Bilingüe, que o único para o que serviron foi para xustificar actuacións políticas desde a Xunta, por exemplo, co Decreto do Plurilingüismo que hoxe en día, mesmo desde o Consello de Europa, se constata que para o único que serviu foi para facer retroceder a nosa lingua en número de falantes e para acrecentar a súa marxinação.

10. Hai quen defende que o galego e o portugués son a mesma lingua. Que opinades ao respecto?

INFORMANTE 01. Que varias son as linguas cun raigame común. O Galego e o Portugués non son unha excepción.

INFORMANTE 05. Foron... no pasado.

INFORMANTE 19. Teñen a mesma raigame pero a miña experiencia é que cando lles falo en galego entenden peor que cando lles falo en castelán. De seguro que é por costume, estou a falar de zoas turísticas, pero pasoume sempre.

INFORMANTE 06. Non son a mesma lingua. De orixe común, a Historia foinas separando e diferenciando. Efectivamente, temos tendencia a pensar que ao falarlles en galego nos teñen que entender mellor e, na miña humilde experiencia, non é así.

INFORMANTE 16. Eu penso q si, aínda q o igual q opina outra xente, pa min é moi difícil ter unha conversación fluída con un portugues

INFORMANTE 23. Eu opino que cada vez se parecen máis, cousa que non me parece moi axeitada. Se queremos que o galego sexa o noso selo de identidade único e se diferencie doutras linguas coma o castelán, non vexo correto que se fagan correccións para que cada vez se vaia parecendo máis a outra lingua xa existente coma o portugués.

INFORMANTE 12. O galego e o português constitúen dúas variantes da mesma lingua histórica, o galego-português do que temos evidencias, por exemplo, no Pergamiño Vindel. Circunstancias histórico-políticas foronnos distanciando, o feito da inserción de Galiza na esfera política e cultural castelá fixo que no acordo RAG-ILG - asumido posteriormente polas institucións de goberno autonómico - dos anos 80 se optase por un afastamento dos criterios da normativa do português, buscando enfatizar as diferenzas, obviamente cunha clara compoñente política. Na miña opinión, optouse por afastarnos artificialmente no canto de aproximarnos ao que por natural nos correspondería como sistema lingüístico.

GRUPO 2

1. Credes que o ensino debería ser todo en galego?

INFORMANTE 25. Quitando o resto de idiomas, eu penso que estaría ben que o resto de materias fosen en galego.

INFORMANTE 03. Si. Agás nos contidos propios das outras linguas como o castelán e o inglés, pero as explicacións destas asignaturas tamén en galego.

INFORMANTE 13. Concordo no primeiro punto que dixeches, o galego debe protexerse a toda costa debido á situación na que se atopa actualmente. Pero discrepo

no segundo punto, penso que as clases de inglés e castelán deben impartirse totalmente en inglés e castelán, incluídas as explicacións.

INFORMANTE 02. Eu tamén o creo, as explicacións deben ir na lingua correspondente que se esté estudando. Ese foi un modelo de ensinanza bastante erróneo e cotiá, sobre todo en inglés, dar as explicacións en galego ou en castelán, só perxudica a evolución na outra lingua.

INFORMANTE 24. Si, xa bastante está desaparecido o galego en diferentes ámbitos da vida como para que este non estea presente nos centros educativos. Obviamente, as materias lingüísticas deben impartirse na lingua que se está a ensinar, mais isto non impide que na aula se utilicen diferentes linguas mediáticas (explicacións en galego para entender certos conceptos da lingua meta etc.) Baixo o meu punto de vista, coído que o actual decreto 79/2010 para a plurilingüismo vai en detrimento do galego. Que sentido ten que certas materias teñan que impartirse obrigatoriamente en castelán? Moito do alumnado non utiliza o galego e desta maneira tampouco poden ver na escola un modelo para utilizalo...

INFORMANTE 17. Concordo co que escribiron os demais informantes. O ensino en Galicia debería ser todo en galego, exceptuando, claro está, o resto dos idiomas que se ensinen, que se deben impartir na propia lingua que se está a traballar (francés, inglés, castelán...).

Engadiría a isto que os mestres deben ter conciencia das limitacións que poidan ter certos alumnos (ben por ser extranxeiros, doutras comunidades autónomas...) e asegurarse de que poidan seguir a clase ao mesmo ritmo que os demais compañeiros, sen que isto signifique ter que mudar a lingua empregada (neste caso o galego) para impartir a clase.

INFORMANTE 14. Sí, exceptuando as linguas extranxeiras e o castelán xa que é unha forma de acercar a nosa lingua sobre todo aos máis pequenos. Ou aínda que non o sexa todo si a maioría xa que é algo que temos que preservar pero sen esquecer que necesitamos un nivel en máis linguas para o noso futuro académico e profesional como pode ser o inglés.

INFORMANTE 07. Si. A escola é un dos ámbitos máis influíntes para as rapazada. Non só por ser un dos lugares nos que máis tempo pasan, tamén polo respecto que se lle ten ao profesorado (son un exemplo a seguir). O feito de que o actual decreto do "plurilingüismo" prohíba que as materias de ciencias se impartan en galego non fai máis que espallar a idea de que o galego non é válido para certas cousas. Desde o meu punto de vista os gobernos deberían procurar todo o contrario: normalizar o uso do galego en calquer ámbito das nosas vidas. Só así conseguiremos que o idioma deixe de perder falantes a pasos axigantados.

INFORMANTE 22. Eu penso que si, salvo por suposto, as materias sobre outras linguas. Creo que é fundamental que os/as máis cativos/as se familiaricen co emprego da nosa lingua para que a falen no futuro.

INFORMANTE 08. As asignaturas de outras linguas (inglés, francés, castelán, grego, latín...) deberían ser impartidas nesa mesma lingua, a min houbérame encantado que así fose, con profesores nativos ou profesores que realmente dominasen a lingua. O resto de asignaturas penso que se deberían impartir en galego e cos seus respectivos libros de texto tamén en galego pero no caso de que algún profesor se sentise máis cómodo impartindo a materia en castelán tampouco debería ser un problema. Poñamos por exemplo que un profesor de matemáticas é cántabro e acaba de chegar a Galicia; se estivera obrigado a impartir as clases en galego sería contraproducente e debería poder falar en castelán sen problemas e tranquilamente e se o desexara ir aprendendo o idioma e integrándose.

INFORMANTE 07. Boas!

Eu non concordo contigo cando dis: "Poñamos por exemplo que un profesor de matemáticas é cántabro e acaba de chegar a Galicia; se estivera obrigado a impartir as clases en galego sería contraproducente e debería poder falar en castelán sen problemas e tranquilamente e se o desexara ir aprendendo o idioma e integrándose.". Eu creo que é imprescindible que calquera persoa que opte a unha praza para un emprego nunha administración pública galega, neste caso o profesorado, debería demostrar previamente coñecementos e fluidez no noso idioma. Do mesmo xeito que acontece en calquer *país normal* do mundo. Por exemplo, a calquera persoa que queira ser profesora en Francia, se lle vai esixir coñecer o francés.

A Constitución Española recolle que "El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el **deber** de conocerla y el derecho a usarla." Se queremos normalizar o seu uso, por que non ocorre o mesmo co galego?

MODERADORA. Que opinades o resto de informantes? Cedes que debería ser un requisito o coñecemento da lingua galega para acceder a un posto público?

INFORMANTE 13. Por suposto, calquera persoa con un posto público dentro dos límites da Galiza debería ter a obriga de coñecer a lingua propia. Creo que en calquera país do mundo se ve lóxico a obriga de entender a lingua propia e oficial para optar a un posto público, non vexo porque o noso caso debería ser diferente.

INFORMANTE 14. Sí, xa que estando en Galicia que menos que coñecer a lingua de aquí tanto para poder atender a todas as persoas que nesta lingua o fagan como para coñecer algo de cultura do lugar no que estás a vivir ou a traballar.

2. Algunha vez vos sentistes discriminados por falar na vosa lingua (sexa esta galego ou castelán)?

INFORMANTE 03. Discriminado non. Pero non atendido na miña lingua en servizos e institucións que así debería ser, si.

INFORMANTE 25. Non, eu ás veces, se me falan en castelán respondo en castelán, se me falan en galego respondo en galego, e moitas veces se me falan en castelán teño respondido en galego e non me sentín discriminada nin nada porque esa é a miña lingua habitual e non teño que facerlle, se a esa persoa non lle gusta pois mala sorte.

INFORMANTE 02. Discriminada como o que antigamente era denominado "pailán/a" por facer uso da lingua galega non. Pero sinto discriminación cando nunha institución pública falo galego e me responden en castelán. Cando os cartaces figuran unicamente en castelán ou cando os políticos que tratan de representar a Gz non o fan na nosa lingua. Para min iso tamén é considerado discriminación.

INFORMANTE 3. Iso é

INFORMANTE 15. Ao mellor non tanto discriminada como atacada en varias ocasións. Por exemplo nunha visita ás urxencias do hospital un dos doutores que me atendeu mandoume de malas maneiras falarlle castelán, no mestrado que estudei era "la que habla gallego", e outros casos similares noutros ámbitos, pero que nunca me fixeron sentir mal por falar galego, nin dudar de que é o que quero facer.

INFORMANTE 04. Non, pero posiblemente sexa porque eu falo indistintamente tanto en galego como en castelán, non teño preferencia por ningún dos dous, entón normalmente se me falan en galego falo en galego e se me falan en castelán falo en castelán.

INFORMANTE 13. Nunca me sentín discriminado por usar a miña lingua, que é o galego, pero si que penso que hai xente que a intenta discriminar. E porque hai xente que discrimina a miña lingua, penso que é importante mostrar seguridade na propia lingua e non deixar que afecten situacións exteriores, sempre defenderei o seu uso nos diferentes ámbitos, non importa cal sexa a situación.

INFORMANTE 07. Eu, ao contrario do que se dixo nos anteriores comentarios, que falar galego e ser discriminad@ van da man. A realidade é que non é posíbel utilizar o galego en moitos ámbitos da nosa vida. Por exemplo, eu sentínme discriminado cando algunha vez tiveren que chamar ao teléfono de Atención ao Cliente da miña compañía telefónica e non tiña atención en galego. Sentínme discriminado tamén cando ao asinar un contrato co meu banco non tiveren a opción de facelo en galego. O mesmo cando o profesorado dicía que ía dar as clases en castelán porque había máis xente que falaba o castelán, ou cando tiña que levantar a man na clase para pedir que me facilitasen o exame en galego. Son só algúns exemplos que, ao meu ver, acontecen no día a día dunha persoa que fala galego.

INFORMANTE 22. Non, eu afortunadamente nunca me sentín discriminada por falar en galego. Aínda que si é verdade que en certos ambientes é "menos común" atopar a xente que fala en galego e este feito pode condicionar a certas persoas.

INFORMANTE 08. Non o considero exactamente "discriminación", pero si teño oído moitas veces o comentario "Que rara estás hablando gallego" (ou semellante), pero ollo, que no caso contrario tamén; "Fala galego que o castelán quédache fatal". Meus pais educáronme en castelán, e iso eu obviamente non puideren escollelo, pero fóra da casa falo habitualmente galego, pero si é verdade que con xente que fala castelán mudo a esta lingua inconscientemente. Eu de memoria vou bastante mal, sobre todo para estas cousas, pero fai moi pouco pasoume algo curioso; resulta que traballo con unha madrileña, coa que falo castelán, e de repente sen vir moito a conto burlouse do meu acento galego... UNHA MADRILEÑA, como se non lles sobrase a eles o acento!

INFORMANTE 17. Eu nunca me sentín discriminado por falar galego, pero si que me vin privado de usar a miña lingua en certos ámbitos. Por iso, concordo coa opinión do **Informante 07**, pois é certo que o galego, como lingua, está moi discriminado en certos ámbitos da nosa vida. Aos exemplos que sinalou este informante, engadiría o caso do galego en Internet.

Segue a haber redes sociais como, por exemplo, Instagram que siguen sen contar ao galego como lingua predeterminada, pese a ser unha das aplicacións máis utilizadas en todo o mundo.

Por outra parte, o galego está "desaparecido" no mundo dos videoxogos, pois en ningún dos que tiveren a oportunidade de xogar, puideren escoller o galego.

Estas dúas razóns, que poidan parecer unha "tontería" poden chegar a incidir no pouco uso do galego, especialmente nos rapaces máis pequenos, que naceron de cheo na era de Internet, e que non están acostumados a ver o galego na rede.

MODERADORA. A respecto das respostas dos informantes 07 e 17 sobre a inexistencia do galego en certos ámbitos da vosa vida, vós, persoalmente, facedes uso do galego cando hai esa posibilidade? Por exemplo, elixides o galego como idioma principal do voso móbil ou computador?

INFORMANTE 07. Si. O computador téño en galego e o móbil en Portuguès porque a maioría das aplicacións non están traducidas ao galego da RAG. Tamén, cando me dirixo a unha empresa e teño que asinar papeleo adoito (é certo que non sempre) solicitar que mo faciliten en galego. Por suposto, cando se trata dunha admon. exíxoo.

INFORMANTE 13. Estiven buscando en internet libros da saga "A song of ice and fire" (a serie de novelas que adapta a serie xogo de tronos) en galego, e non os din atopado. É moi triste non dar atopado tradución dunhas das obras máis famosas e máis lidas dos últimos anos. Supoño que pasará con máis novelas. Cal é a solución? Acabar léndoas en castelán? Unha mágoa...

3. Debería o concello de Arzúa utilizar o galego en todos os ámbitos?

INFORMANTE 03. Si, por suposto.

INFORMANTE 25. Si, penso que si.

INFORMANTE 02. En efecto.

INFORMANTE 15. Si, claro.

INFORMANTE 13. Si. Aínda que considero que no sitio web, <http://www.turismo.concellodearzua.com/>, aínda que actualmente non se atopa operativa, sería interesante tela en galego, castelán e inglés, para que calquera dos turistas que se chegue a Arzúa poida informarse das posibilidades turísticas que ofrece o noso Concello.

INFORMANTE 14. Sí, pero tamén en ámbitos como o turístico ademais de empregar o galego deberían de empregar o inglés e castelán xa que hai que ter en conta que por Arzúa pasa moita xente (peregríns) que non son de por aquí.

MODERADORA. E sabedes se o fai, se utiliza o galego en todos os ámbitos?

INFORMANTE 02. Tanto a páxina web como os cartaces propagandísticos para anunciar festas ou eventos, a publicidade que se poida facer dende o Concello, así como comunicados oficiais e de demais índole si se están a facer en galego.

INFORMANTE 13. Ata onde chega a miña información, si, o Concello de Arzúa utiliza o galego en todos os ámbitos.

INFORMANTE 07. Pois se vos fixades, hai varias campañas que está a desenvolver o Concello que se están a facer en castelán. Unha delas relacionada cun conto para explicarlle ás nenas e nenos como saír da casa con seguridade estes días. Sei que é un conto que non é propio pero, non podería o Servizo de Normalización Lingüística facer unha tradución? É posíbel que non sexa a mala fe, pero o certo é que con estas cuestións podemos estar transmitindo ás e aos rapaces que o galego non é válido para transmitir este tipo de cuestións.

A nivel interno, eu teño visto documentación asinada polo alcalde e a secretaría íntegramente en Castelán. Mesmo este mes.

INFORMANTE 22. Eu penso que, como institución pública que é, si que debería empregar o galego en todos os ámbitos. De todas formas, pareceríame razoable que tamén achegue traducións en castelán para facilitar a difusión entre persoas non galegofalantes (e refírome a xente nada fora da Comunidade Galega).

INFORMANTE 07. Pois eu creo que depende de a que nos refiramos cando dicimos "para facilitar a difusión entre persoas non galegofalantes". Se falamos por exemplo de turistas, podo entendelo. Pero se falamos de xente que veña a quedarse, non concordo. Se o que queremos é normalizar o idioma en todos os ámbitos, na miña opinión, as institucións o que deberían facer nestes casos é proporcionar as ferramentas para que calquera persoa, veña de

onde viña, teña a posibilidade de aprender o idioma. Así normalizamos o galego. Do outro xeito, eu creo que non.

INFORMANTE 14. Ata onde eu sei si fai un uso predominantes do galego, sobre todo en canto ao eido da cultura e carteis propagandísticos.

4. Alguén sabe que é un Servizo de Normalización Lingüística?

INFORMANTE 03. Si, ao meu modo de entender, trátase dun servizo que debe fomentar e dinamizar o coñecemento e uso do galego en todos os ámbitos sociais e institucionais.

INFORMANTE 25. Si, é un proceso social polo que se regulariza unha lingua para que sexa utilizada en todos os ámbitos.

INFORMANTE 15. Por exemplo nun Concello é unha área na que se promove o uso do galego por medio de diferentes actividades, como pode ser concursos de relatos. Tamén ofrece información relacionada co uso do galego difundindo diferentes iniciativas como o programa Apego, que está dirixido a fomentar o uso da lingua galega entre os máis pequenos, ou o programa Youtubeiros, que se non me engano é un concurso de canles de Youtube nos que se fala en galego. Outro labor do Servizo de Normalización Lingüística tamén é a corrección dos textos que se crean no propio Concello, sobre todo nos que se fan públicos despois.

INFORMANTE 04. O que eu teño entendido é que é un conxunto de iniciativas ou propostas que sirven para fomentar e dinamizar un idioma, para que este sexa utilizado de forma habitual en todos os ámbitos.

INFORMANTE 13. Entendo que é un servizo creado por unha institución coa finalidade de fomentar o uso dunha lingua nos diferentes ámbitos de dita institución.

INFORMANTE 14. Eu creo que é unha formación que se encarga de dar a coñecer o galego, e de facelo cunhas normas para que todos o poidamos escribir cunha gramática concreta.

INFORMANTE 22. Creo que si. Un Servizo de Normalización Lingüística ten como obxectivo fomentar, dar soporte e apoiar o uso no galego nunha certa institución ou ámbito.

MODERADORA. Sabedes se o concello de Arzúa conta con este servizo?

INFORMANTE 13. Non estou informado da súa existencia, coido que non o ten pero podería estar confundido.

INFORMANTE 14. Nin idea a verdade, se o ten nunca tiven noticia do mesmo.

INFORMANTE 15. Eu creo que si que ten, ou polo menos hai tempo tíñao.

MODERADORA. E credes que estes Servizos deben existir? É dicir, credes que as administración públicas deben gastar cartos niso?

INFORMANTE 13. É necesario que existan para protexela, para normalizala, para fomentala. A situación actual non é a idónea para a nosa lingua, polo que as administracións públicas non deben escatimar en gastos.

INFORMANTE 22. Eu opino exactamente o mesmo!!!!

INFORMANTE 14. Eu diría que si xa que como di o informante 13, é importante para poder conservala, protexela e ensinala.

5. Que é para vós o “galego normativo”?

INFORMANTE 03. O galego que se emprega escrita e oralmente atendendo ás normas actualizadas ditadas pola RAG.

INFORMANTE 15. Eu diría o mesmo.

INFORMANTE 13. Penso igual. Outra cousa é que penso que practicamente ninguén utiliza o galego normativo na expresión oral, pero si na escrita.

MODERADORA. Segundo ti non se utiliza en calquera ámbito ou no ámbito formal?

INFORMANTE 13. É certo que se utiliza na expresión oral en certos ámbitos formais, por exemplo: un mitin dado en galego por un alto cargo dun partido político, un anuncio de televisión ou unha entrevista de traballo no caso de darse en galego. En xeral, na escrita, penso que se utiliza maiormente un galego normativo, sexa unha conversa formal ou máis coloquial.

INFORMANTE 25. O galego que todo o mundo debería saber falar, pero cada zona ten o seu galego e a min parécenme interesantes os diferentes rasgos de cada zona galega.

INFORMANTE 24. Para min o galego normativo é o modelo de lingua que está prescrito para utilizar en situacións formais. Coido que non se trata dun galego "ben falado" nin do galego que todo o mundo debería falar, porque na diversidade está a riqueza é o ideal é que cadaquén utilice a súa variedade dialectal. Aínda que se supón que se fixo atendendo a todas as variedades dialectais, ben é certo que seguramente moitxs vexan reflectida, en menor medida, a súa variedade dialectal.

INFORMANTE 02. Exacto, e o que debemos escribir. A fala é outro cantar. Nun papel non vas escribir “sapatilla” pero na fala sería un erro deixar de pronuncialo así e perder unha variante tan representativa.

MODERADORA. Entón utilizarmos o seseo ou a gheada, por exemplo, non é un erro?

INFORMANTE 02. Ao que á escrita se refire, si o sería. Tanto o seseo como a gheada son considerados fenómenos fonéticos, pero non van máis alá da fala. En Arzúa por exemplo temos o término “au”: mau, irmau... obviamente na fonética son considerados válidos xa que representan e identifican unha zona, coma o pronome “tu” aos da zona de Lugo, o seseo da costa e a gheada do interior da Gz, pero inda así á hora da escrita non sería un galego normativo como tal.

INFORMANTE 04. O galego normativo é aquel que sigue as normas da RAG. Persoalmente creo que se debe saber falar e escribir galego normativo para situacións formais, pero para conversas informais parece interesante que se fale dunha forma menos coitada.

INFORMANTE 14. Aquel que está regulado por unha gramática e que se emprega sobre todo na escritura.

INFORMANTE 22. Eu o "galego normativo" asocioo ás verbas ou expresión aprobadas pola Real Academia Galega e que en moitas ocasións distan notablemente do galego que se escoita nas rúas.

INFORMANTE 07. Eu entendo que o "galego normativo" son as normas ortográficas e morfolóxicas que a Real Academia Galega adoptou para a **escrita**. Recalco o de escrita, porque moitas veces desde as institucións (a TVG por poñer un exemplo) escúsanse nesta norma para evitar utilizar nos seus programas ou telexornais as variedades dialectais das e dos falantes, contribuindo a unha estandarización do idioma (incluída a fala) que o único que fai é empobrece-lo.

MODERADORA. Todos os debates son óptimos.

"As institucións (a TVG por poñer un exemplo) escúsanse nesta norma para evitar utilizar nos seus programas ou telexornais as variedades dialectais das e dos falantes". A quen te refires neste caso, aos propios informadores?

Que outras normas existen?

INFORMANTE 07. Si, por que un presentador do telexornal ou dun programa non pode utilizar a súa variante dialectal? Ás veces dá a impresión de que só se utilizan en programas como un recurso humorístico que, moitas veces, o que consegue é só ridiculizalo.

Sobre as normas, por exemplo, a norma da AGAL, a de mínimos ou mesmo o "padrão Lisboa".

6. Pensades que o galego que falamos normalmente está mal usado?

INFORMANTE 25. Non, a ver se metes moitos castelanismos acaba sendo castrapo, pero cada zona de Galicia ten diferentes rasgos ao falar e iso non me parece que esté mal usado.

INFORMANTE 03. Difícil resposta. Mal usado creo que non porque, desde o meu punto de vista, as linguas mudan segundo a zona e a transmisión da mesma xeración a xeración. No que si vexo un erro é en empregar termos de outras linguas (sobre todo inglés) e castelanismos para referirnos a palabras que xa existen no galego.

INFORMANTE 02. Eu tamén estou de acordo en que "mal usado" non é o término correcto. Tendemos a castelanizar moitas palabras, é certo, pero foi o galego que nos ensinaron e pouco a pouco irá mudando. Non hai que esquecer que aos nosos avós, incluso aos nosos pais non lle permitían falar galego nas escolas, nin nos órganos públicos. Moita xente maior inda acude hoxe ao médico e lle muda ao pouco castelán que saben. É normal que a castelanización nalgúns términos inda esté presente, recuperar un idioma non é cuestión de poucos anos. Logo hainos que din que a gheada e o seseo é falar mal o galego, e realmente eu creo que é a esencia máis bonita da lingua. As variantes.

Hai que lembrar que o único galego mal falado é o que non se fala.

INFORMANTE 15. Estou de acordo en case todo o que dis, pero no caso dos avós, os meus en concreto supoño, o pouco que foron á escola, estarían escolarizados en castelán, pero nunca o falaron fluído, todo o contrario. E ademais dende eles, pasando por meu pai e ata min, perdemos moito vocabulario que eles dicían en galego e que eu agora utilizo castelanismos. Creo recordar que a miña avoa dicía "culler", "a carón", "velaí", termos que eu non utilizo, a verdade. Entón, a miña idea é que co tempo fóronse acollendo palabras tanto do castelán como do inglés e adoptando como propias. Para min, pero esta é a miña opinión, cantos menos termos

alleos usemos, mellor falado estará, pero non creo que haxa un mal uso, a excepción da tendencia a poñer os pronomes mal que ten moita xente e que non entendo.

INFORMANTE 02. Si, concordo totalmente có que dis... perdimos moitos outros términos que hai anos empregaban e agora tratamos de recuperar, é certo. Pero as transicións foron duras e máis para a nosa lingua...

MODERADORA. E cres que hai que mudar esas palabras que dis que están castelanizadas ou é unha tendencia natural das linguas, que muden e inclúan vocabulario doutras?

INFORMANTE 02. Penso que hai que poñer todo o posible da nosa parte para correxilas. É algo complicado, porque cando estás acostuada a falar unha lingua dende cativa non pensas as palabras, sáenche soas. Sínteste cómoda. Cando eres consciente de que hai palabras que estás a dicir mal, que non son correctas e tratas de trocalas xa non te sintes tan segura nin tan desenvolta. Inda así temos que facer por mudar, ó final os castelanismos ou os anglicismos non deixan de ser “un mal hábito” nunha lingua á que lle sobran palabras para definir e referirte ao que queiras. Temos que tratar de modificalo para que os que hereden a lingua a través de nós o fagan do xeito máis enxebre e non con parches.

INFORMANTE 22. Pois depende como o enfoques. Dende o punto de vista da RAG cometemos múltiples erratas á hora de falar, eu por exemplo, noto moito como cando escribo emprego diferentes expresións ou palabras que na linguaxe oral non utilizo. Porén, opino que é "raro" que moitas expresións ou verbas que xa empregaban os/as nosos/as avós/avoas agora xa non sexan correctas.

INFORMANTE 07. Eu son dos que pensa que o único galego mal falado é o que non se fala. Dito isto, si considero que en abundantes ocasións na nosa fala cotiá utilizamos demasiados castelanismos que, desde o meu punto de vista, deberíamos procurar evitar porque creo que contribúen ao empobrecemento do idioma. Tamén penso que debemos fuxir de aquilo de "sempre se dixo así" como se o idioma nacesse a canda nós.

Por outra banda está a idea, ao meu entender errada, de que utilizar as nosas variante dialectal é sinónimo de falar mal o idioma porque non está recollida na norma da RAG. Obviando que a norma foi pensada como unha maneira de estandarizar a escrita, en moitas ocasións podemos pensar que unha palabra está mal dita porque non aparece no dicionario da RAG. A RAG non tivo a capacidade de recoller todo o vocabulario do noso idioma, pero iso non significa que esa palabra non exista no galego. De feito creo que, nese sentido, existen outras institucións que si fixeron un traballo moito máis a fondo, conseguindo facer unha recollida moito máis extensa no referido a esta cuestión.

INFORMANTE 04. Non creo que estea mal usado. É certo que a maioría das veces non é galego normativo, pero paréceme máis natural, sempre que estemos nunha conversa informal. Eu no meu día a día tamén falo castelán e non utilizo tempos compostos como debería, pero son galega e é a miña forma de falar. O mesmo me pasa co galego, sei que digo cousas que non son correctas, pero síntome máis cómoda así, sen estar pendente da normativa. Pero igualmente creo que tamén é importante saber falar galego normativo porque en conversas formais na miña opinión sería mellor usalo.

INFORMANTE 04. Eu creo que non está mal usado xa que en cada zona temos un dialecto e unhas expresións propias do lugar. Unha riqueza léxica diferente e que fai que a nosa lingua sexa máis rica e diversa.

INFORMANTE 13. Estou de acordo con todos vós en xeral, non creo que esté mal usado, pero si que penso que debemos poñer un pouco de esforzo para mellorar o noso vocabulario, utilizar palabras propias e rexeitar esas palabras do castelán que están tan normalizadas no noso o día a día. Palabras como abuel@, tenedor, acera ou outras moitas que utilizamos a diario. Penso que somos nós os que temos que intentar usar eses termos propios para que sexan as seguintes xeracións as que utilicen os termos galegos de forma normalizada.

7. Por que nun concello pequeno como Arzúa se fala moito máis galego que nunha cidade como A Coruña?

INFORMANTE 02. O rural garda moito máis as tradicións, por sorte para todas e todos. O tránsito de persoas é menor que nas cidades, inda que a cada paso vilas como Arzúa vanse quedando desertas tamén. Pero no rural sempre se dou máis visibilidade a todo do que as grandes capitais renegan, en gran parte. Valoramos a lingua, o campo, valoramos as nosas e os nosos gandeiros, valoramos o noso pasado porque aprendimos a vivir del e a sentirnos orgullosos e orgullosas. Non pretendemos agochar de onde vimos e falamos con orgullo a lingua, que na maior parte das casas destas vilas, herdamos dos nosos antepasados. A cidade ó final se non tes as túas raíces claras e fortes cámbiate, veñas de onde veñas, e tratas de ser un máis e esqueces en parte a túa verdadeira identidade, que te fai diferente e non menos.

INFORMANTE 03. Totalmente de acordo. Hai algúns casos moi curiosos. Refírome a xente que emigra do rural a cidades (sobre todo grandes) de Galicia e inmediatamente trocan de lingua, pasando de falar Galego a falar castelán e, incluso, transmitíndolle aos seus fillos e fillas o castelán como lingua principal.

Tamén penso que o ámbito rural axuda a preservar tanto a lingua galega como costumes propias da nosa terra.

MODERADORA: En resposta ao informante 02 e continuando co que di o informante 03: por que unha persoa que se criou e viviu no rural até os 25 anos, por exemplo, e que sempre se comunicou en galego, transmite o castelán aos fillos aínda que ela mesma siga falando en galego coa súa parella?

INFORMANTE 02. Sinceramente, a primeira resposta que me vén á cabeza é por ser parvos. Pero realmente hai moito máis detrás, parece que voltamos ás épocas feudais e caciquiles de tempo atrás. Hai moita xente que segue a pensar que o galego “é de segunda” xa que a eles e a elas así llo fixeron sentir no seu día e pensan que educar aos seus fillos e fillas en castelán é a mellor opción. Detrás disto hai moita vergoña polo propio, pola raíz, pola terra. Parecerá unha parvada pero realmente a xente que chega a unha cidade, maioritariamente castelán falante e impón o galego porque considera que é q súa lingua nai é unha valente. Está segura dela mesma, de onde vén e quen é. Non agarda contentar a ninguén, unicamente ser quen verdadeiramente é. É unha pena que os pais e as nais non lles inculquen iso aos seus fillos e as súas fillas. Sen quere-lo estanos estigmatizando dende cativos e inculcando neles complexos totalmente innecesarios respecto á lingua e á súa cultura

INFORMANTE 14. Estou moi de acordo co informante 02. Nunha cidade a xente (en xeral) non lle da tanta importancia a estes aspectos senón que entre a propia poboación existe, por así dicilo, unha discriminación de falar o galego xa que toman aos galegofalantes como de aldea, inferiores a eles.

MODERADORA: Cres entón que sigue existindo "diferenza de clases" nese sentido?

INFORMANTE 14. Eu diría que si. Que esas persoas lle ensinen os seus fillos o castelán como algo que non os relacione co rural.

INFORMANTE 13. Penso que non lle falta razón ó informante 2. De todas formas, eu creo que en lugares pequenos, aldeas, concellos pequenos é onde máis se fala porque había moito campesiño, e transmitíase o uso do galego de xeración en xeración, mentres que nas cidades se foi instalando nobreza e burguesía española. O galego estivo marxinado durante os séculos escuros e na época de Franco, e isto penso que influiu máis nas cidades pola razón que dixen. A xente rica e con poder instalouse nas cidades e falaba castelán, xente que influenciaba ao resto de habitantes. Eu penso que esta é a razón pola que se fala máis castelán nas cidades, é algo que vén de centos de anos atrás, non podemos analizar a situación actual sen mirar ao pasado.

MODERADORA: "O galego estivo marxinado durante os séculos escuros e na época de Franco, e isto penso que influiu máis nas cidades pola razón que dixen. A xente rica e con poder instalouse nas cidades e falaba castelán, xente que influenciaba ao resto de habitantes"

Desde unha perspectiva actual, que diferenzas hai co que sucede hoxe en día?

INFORMANTE 13. Penso que aínda que a diferenza de clases é cada vez menor, e penso que hai máis información e menos censura, polo que agora eduquen no idioma que te eduquen, unha vez que medras como persoa tes máis capacidade de decidir se queres cambiar o teu idioma do día a día que no pasado. Non quero dicir que a situación sexa a ideal, pero creo que melloramos con respecto ao pasado nese sentido. Antes era practicamente imposible que xente que falara galego puidese influenciar a castelanfalantes para o cambio de idioma e hoxe en día é máis factible, esa é a miña opinión. Tamén coído que xente dun "rangos social" máis alto por así dicilo, aínda fala en castelán maioritariamente, sobre todo nos seus traballos, aínda que penso que a situación mellorou algo con respecto ao pasado, por exemplo médicos que agora falan galego e antes era impensable

INFORMANTE 25. Porque na Coruña non se gardan tanto as tradicións coma nas aldeas, ademais de que está moito máis transitada que Arzúa por exemplo.

INFORMANTE 04. Porque nos preocupamos máis de manter a nosa cultura, tradicións e costumes. Ademais de que as cidades, ao estar máis poboadas, implica que haxa moita máis diversidade e heteroxeneidade de culturas e nacionalidades, e moitas veces a xente deixase influenciar por eso e deixa de lado as súas costumes. Se un neno galegofalante vai a un colexio no que a maior parte dos nenos falan castelán, é moi probable que ao final el tamén acabe falando castelán, e posiblemente o leve a outras situacións do seu día a día, deixando pouco a pouco o galego de lado, por poñer un exemplo.

INFORMANTE 22. Na miña opinión, na cidade está moito máis arraigada a idea que "a xente fina" fala castelán mentres que o galego se asocia a zonas rurais. Non teño claro como nace este pensamento pero penso que a única maneira de poder combatelo é dando máis visibilidade á nosa lingua.

Por outra banda, tamén pode ser certo que nas cidades viva máis xente que non sea orixinaria de Galicia e polo tanto non teña o galego como lingua nativa.

INFORMANTE 07. Ademais de cuestións que xa se comentaron con anterioridade, creo que tamén inflúen as políticas lingüísticas levadas a cabo polos diferentes gobernos

municipais. Lonxe de promover políticas de normalización do galego, A Coruña é ese lugar onde, desde o concello, se promoveu e utilizou de maneira sistemática o topónimo deturpado da cidade. As rúas non son rúas, son calles rúas e onde Agrela é La Grela. Desde logo estas cuestións non axudan a prestixiar o idioma.

8. Nos últimos anos descendeu moito o número de persoas galegofalantes. Ten algunha importancia que a lingua chegue a desaparecer ou considerades que é natural que as linguas acaben extinguíndose?

INFORMANTE 25. É natural que se acaben extinguindo se as persoas deixan de falala.

INFORMANTE 03. Ten moitísima importancia. Que un pobo deixe perder ou desaparecer algo de seu, propio, é síntoma de debilidade como sociedade. É unha derrota deixarnos impoñer algo alleo cando temos algo noso.

INFORMANTE 02: Totalmente de acordo. Algo que herdamos, que lles custou tanto manter para chegar a nós e que nós agora teñamos máis ferramentas para difundila e o único que fagamos é perdela. Realmente é unha pena, non facer evolucionar algo que nos caracteriza como pobo e nos fai diferentes ao resto.

INFORMANTE 15. Si, porque se desaparece a lingua pérdese a identidade e parte da cultura dun pobo.

INFORMANTE 04. Algunhas linguas moi minoritarias é natural que tendan a desaparecer, pois a súa transmisión é cada vez máis complicada. Pero non creo que ese sexa o caso do galego. É certo que si que é unha lingua minoritaria, pero aínda así creo que temos unha comunidade de falantes o suficientemente grande como para que non se extinga, sempre que traballemos por que eso non pase, obviamente.

INFORMANTE 24. Creo que é un proceso que atende a moitos factores. A perda de transmisión interxeracional do galego, a súa pouca visibilidade nos diferentes medios de comunicación, a súa escasa promoción, o impedimento de utilizar o galego como lingua vehicular en materias Educativas etc. son factores que teñen incidencia no uso do galego.

Moitxs non valoran a riqueza que supón a diversidade lingüística, cultural etc. e para min, polo menos, si tería importancia que o galego chegase a desaparecer.

INFORMANTE 14. Claro que ten importancia, xa que se perdemos a nosa lingua, perdemos parte da nosa historia, do noso sentimento como galegos. Ademais, de que sería un indicio de que a sociedade apenas aprecia a lingua e as sociedades vindeiras non terían o privilexio de desfrutar dela, nin de transmitila. E co tempo quedaría como algo moi lonxano e do que a poboación futura se olvidaría.

INFORMANTE 13. Ten toda a importancia, persoalmente para min a lingua é o principal elemento de identidade dun pobo. Penso que nunca hai que deixar de loitar por defender e transmitir os elementos culturais que nos identifican e fan que sexamos nós mesmos, é o único que nos diferencia do resto.

INFORMANTE 17. Claro que ten importancia que unha lingua acabe desaparecendo, xa que é un dos "símbolos" máis identificativos dun pobo, o que significa que a extinción da lingua conleve á extinción do propio pobo.

Esto non quita, que o feito de que unha lingua se extinga sexa un proceso natural, pois ao fin e ao cabo as linguas sufren (ao igual que as persoas) un "nacemento", un "desenvolvemento" e unha "morte", que pode ser brusca ou continuada no tempo, o que pode ocasionar o nacemento doutras novas.

Sen embargo, este proceso é moi lento e non creo que o galego, co número de falantes que ten neste momento, estea cerca da súa propia extinción. Aínda así, para preservalo o maior tempo posible, debemos seguir a transmitilo e empregalo en todos os ámbitos da nosa vida.

INFORMANTE 22. Eu penso que sería moi grave que a nosa lingua chegase a desaparecer posto que é unha das nosas sinais de identidade!!

MODERADORA. Credes que unha lingua desaparece só cando os seus falantes deixan de utilizala ou pensades que hai outras vías?

INFORMANTE 13. Si, eu penso que cando unha lingua deixa de ter falantes é a morte da lingua. Poden quedar vestixios, probas escritas de que esa lingua existiu, libros, documentos audiovisuais, mais penso que iso é namais proba da súa existencia nun pasado.

INFORMANTE 14. Eu creo que hai outras vías pero que todas levan ao mesmo lugar, é dicir, a perda. Un exemplo e que o galego non se escriba e so quede o da fala, este co tempo acabase perdendo e esquecendo como parte da historia. O non uso, tanto escrito como verbal acaba levando a perda do mesmo.

9. "En Cataluña imponen o catalán". Considerades iso certo? Pensades que ocorre o mesmo co galego?

INFORMANTE 02. Non considero que sexa unha lingua imposta. O pobo catalán apreza ter unha lingua propia e fai uso dela para non perdela e para poder diferenciarse do resto da poboación do estado. Entendo que todos queremos ser bos en algo, diferenciarnos por gustos, por ideas... a maioría da xente pensa que se todos fôsemos iguais sería un aburrimiento. Coa lingua pasa o mesmo, seríamos parvos ter unha lingua propia que nos inculca valores e tradición, que nos fai diferentes aos demáis, únicos, e non empregala e difundila. O pobo catalán esa lección tena ben aprendida non é que imponían nada, eles e elas decidiron e decidiron diferenciarse. Ogallá a maioría da poboación tamén usara o galego para facelo.

INFORMANTE 25. Non sei se é certo se non, pero eu creo que o galego non o imponen.

INFORMANTE 03. Para min non é unha imposición, é unha forma de proceder natural e así debería ser en todos os territorios. Empregar, promover e, incluso, favorecer o propio fronte ao alleo.

En canto á comparativa co galego para nada están as dúas linguas na mesma situación. Neste caso, as administracións e medios de comunicación xogan un papel moi importante no anteriormente citado. Opino que a xente que pensa que se imponen estas linguas teñen medo ao diferente e á pluralidade, cando para min o que demostra é riqueza.

INFORMANTE 15. Creo que a idea de que en Cataluña imponen o catalán é unha ferramenta máis que se está utilizando en detrimento do independentismo, por parte dos que chaman constitucionalistas. Non creo que se en Cataluña se impuxera o catalán, representantes do independentismo como Gabriel Rufián (ERC) ou Antonio Baños (CUP) falaran en castelán con normalidade en público, e se non me engano, recoñecendo, polo menos Rufián, que non se desenvollen en catalán. Por outra banda eu consumo tv en catalán e en certos programas, como FAQs, de TV3, vense intervencións en castelán con frecuencia. Outro exemplo é a serie Merlí, na que algún dos protagonistas fala castelán tamén.

A miña impresión é que si, hai unha defensa clara da lingua e da cultura en xeral, pero non unha imposición.

INFORMANTE 24. Concordo coas posturas dxs informantes 02, 03 e 15. Non creo que en Cataluña se impoña o catalán, senón que se usa ese argumento, sen fundamento, para envilecer a súa imaxe. Tampouco me parece que se impoña o galego, porque como se ve por exemplo no eido educativo, hai quen non pode utilizalo. Claro exemplo é a mestra á que denunciaron por dar matemáticas en galego.

INFORMANTE 14. Non creo que se esté a impoñer o galego en Galicia, xa que a día de hoxe, é unha lingua que non a están a empregar moito nin no ámbito da educación, nin da política...

INFORMANTE 13. Non creo que se impoña o catalán, simplemente unha sociedade catalana con forte sentimento nacionalista fai o posíbel por defender e normalizar a súa propia cultura. A situación en Galiza é diferente porque non hai tanto nacionalismo e o noso goberno autonómico estivo sempre comandado por partidos "españóis", polo cal, a situación é completamente diferente.

MODERADORA. Vexo que a maioría de vós opinades que o galego non se impón. Aos que considerades isto, se non é así, por que credes é un dos argumentos máis empregados para xustificar que o galego perde falantes?

INFORMANTE 14. Porque é unha vía rápida para evitar dar explicacións acerca de porque non se usa en certos ámbitos ou ao contrario, o peso que ten na sociedade...

INFORMANTE 22. Eu penso que en Cataluña se emprega o catalán como ferramenta política e non me parece que iso sea correcto. Neste sentido, si que opino que en certos ámbitos impoñen o catalán. No caso do galego, creo que é obvio que non ocorre o mesmo (feito que non me parece mal) pero si que sería adecuado que tivese máis apoio o emprego do galego por parte das administracións públicas.

INFORMANTE 07. Na miña opinión é un argumento difundido e amplificado por asociacións e organizacións políticas reaccionarias que, baixo o paraugas do "bilingüismo armónico", o único que pretenden é desprestixiar e acabar co idioma e con todo aquilo que teña que ver coa identidade propia do pobo galego. De feito, en base a esa argumentación de imposición do galego, o que fixeron foi promover e aprobar o "decreto do plurilingüismo" que, lonxe de promover o uso do galego, na práctica prohibe a ensinanza en galego en determinadas materias.

10. Hai quen defende que o galego e o portugués son a mesma lingua. Que opinades ao respecto?

INFORMANTE 25. Sí que o foron e hai xente que o sigue pensando, pero eu creo q non o son.

INFORMANTE 03. Que teñan unha orixe ou un pasado común non quere dicir que hoxe en día son a mesma lingua. Non o son e á vista está pero lóxicamente ese pasado común e a proximidade territorial fan que sexan similares.

INFORMANTE 02. Si, temos un pasado en común e a proximidade fai que ambas linguas garden moita similitude. Sinceramente, non entendo a teima tampouco de querer parecerse á lingua lusa. Temos unha lingua fermosa, distintiva e única que nos representa como nación e como país, porque ter que mudala máis hacia outra que xa existe? É un feito que a nosa lingua evolucionou e convertiuse en algo dispar tanto ao portugués como ao castelán. Porque non aproveitalo? Porque non ser diferentes por nós mesmos sen que ninguén nos faga sombra?

INFORMANTE 03. Eu tampouco entende esa teima...

INFORMANTE 13. Non podería explicalo mellor. Tivemos un pasado común e collimos camiños diferentes. Ao meu ver, actualmente a nosa lingua é nosa, única e fermosa.

INFORMANTE 04. Está claro que teñen moita similitude debido ao seu pasado común, pero evolucionaron de forma distinta e constituíron linguas diferentes. Non creo que se deba xustificar que a día de hoxe son a mesma lingua porque nun pasado si que o foran.

INFORMANTE 14. Eu creo que non son a mesma pero que si comparten un pasado común e moi próximo. Evolucionaron paralelamente a partir do mesmo ancestro.

INFORMANTE 07. Vou escribir, **a risco de cometer faltas de ortografía**, a resposta no que conocemos como Português para justificar a minha posição:

Assumindo que o galego que, a día de hoje, falamos na Galiza tem uma pronúncia diferente do falado em boa parte de Portugal (não tanto em algumas freguesias do norte) não significa que não sejam o mesmo idioma. Eu defendo que sim o são.

Na minha opinião o único que existe é uma diferença na maneira que temos de pronunciar quando falamos, além de certas palavras que, por diversas questões, se perderam no galego que nós empregamos.

No que atinge á escrita, sabedor de que é um debate complexo, não devemos confundir o idioma coa norma. Dentro do galego existem varias normas. Uma é a que se estuda nas escolas, pero além dessa há gente que defende que o galego se devera escrever com outra grafia máis parecida ao que conhecemos como Português. Isto não quer dizer que uma seja melhor ou peor que a outra, simplesmente que existem varias maneiras de escrever um mesmo idioma e isto, não tem de ser negativo. Ao meu ver, o negativo é que nas escolas só se ensine a grafia da RAG. Primeiro, porque o saber não ocupa lugar e segundo, porque uma grafia como na que estou intentando escrever abre moitas portas, pois esta é a maneira que tenhen de escrever o galego moitos milhões de habitantes de outros países.

Não obstante, muitas das pessoas que defenden esta grafia consideram que a maneira de falar tem que ser a mesma que utilizamos agora mesmo, simplesmente que por exemplo que o que agora pronunciamos como "-ción" se escreva "-ção".

Decidi escrever este texto em Português para tentar demonstrar que o galego e o português são o mesmo idioma. Pois, sem nunca estudar português, é provável que todo o mundo tenha entendido o texto.

INFORMANTE 13. Entendo o teu punto de vista, mais non o comparto. Desgraciadamente o galego e o portugués colleron camiños diferentes. E digo desgraciadamente por toda a censura, prohibición e todos os intentos de facela desaparecer ó longo dos últimos séculos. Por esta razón, para min a supervivencia da nosa lingua ten máis mérito que nada, grazas aos nosos antepasados mantivémola viva pese a todas as trabas que nos puxeron, pese a todas as inxustizas esta lingua sigue viva, e agora ten ten voz propia, é única, é nosa, dos galegos e galegos que a queremos manter viva. Fumos a mesma lingua no pasado, mais a evolución que tivo a lingua (fosen os motivos que fosen) converteuna nunha diferente. Eu considero que non dou entendido portugués, si, algo de portugués dou sacado, pero non dou seguido unha conversa. Sería un analfabeto á hora de escribila.

Como evolucionamos de forma diferente, actualmente somos unha lingua diferente, ou iso penso. Como o castelán, catalán, italiano, galego... todas veñen do latín, pero

non son latín, colleron camiños distintos. Obviamente esta é a miña opinión e igual me faltan datos ou argumentos, quen sabe, ó final do día igual che dou a razón.

INFORMANTE 07. É certo que o galego e o portugués tomaron camiños diferentes principalmente pelas circunstancias políticas e sociais. Mas, desde o meu punto de vista, non as vira em linguas diferentes, só em dúas variedades duma mesma lingua. Nós estamos muito acostumbrados a escoitar falar espanhol a uma pessoa de Cádiz ou mesmo a uma pessoa Chilena porque vemos filmes ou séries nos que podemos escoitalo e temos ouvidos acostumbrados pero, se não fosse asim? Alguen diría que o Espanhol de Cádiz ou de Chile não é o mesmo idioma que o de Castela?

Se calhar, se desde meninh@s poidésemos escoitar com máis naturalidade falar Português na televisão, poderíamos comprender perfectamente quando falam os vizinhos, porque o que é diferente é a forma na que eles falam (o sotaque), não o que falam. Por que não permitem que a RTP seja vista na Galiza?

A respeito do "Sería un analfabeto á hora de escribila". Eu acho que não, mas de qualquer forma, e se só num milésimo das horas que estudaches galego na escola poideses aprender a escrever em uma norma mais próxima ao português?

Tu entendes o que eu escrevo? É possível que tenha muitas gralhas porque eu nunca estudei nesta grafía (há gente que gosta de chamarlle "galego internacional") mas hoje, com a ajuda de um dicionario intenteino. ;)

Deixo aquí dúas ligações. Uma gravada no Alto Minho e outra na Baixa Limia. https://drive.google.com/open?id=1nmTXVkfmxXh2OLVZtOv_cfQmPwnwyOyT <https://drive.google.com/open?id=1nlokrIE83D9lH7LPbBJXdkWDhq1uzwKQ>

MODERADORA. Daquela, consideras que galego e portugués son dúas variedades diferentes dunha mesma lingua? Respecto a isto, que é o que te fai elixir unha outra norma?

INFORMANTE 07. Si, considero que o galego e portugués son dúas variantes dunha mesma língua.

Respecto da segunda pregunta, creo que principalmente hai dous factores que me inflúen á hora de tomar esa decisión.

- Por unha banda, a dificultade para o conxunto da sociedade de aceptar que existen máis dunha norma para escribir o galego. É moi frecuente escoitar o "eso non é galego" ou "se me escribes así non te entendo (cousa que non é certa)".

- Outro factor fundamental é o coñecemento da norma. Na escola só se ensina a norma da RAG.

Polo tanto, utilizar unha norma diferente da da RAG, require un sacrificio persoal e, xa non tanto pola necesidade de aprender a norma, senón polos debates que vas ter que dar día a día para poder utilizala. No meu caso utilizo sempre a norma da RAG precisamente porque, se cadra nunha actitude cobarde, creo que xa é difícil moitas veces dar o debate da normalización da lingua en todos o ámbitos como para engadir outra compoñente que aínda é rexeitada máis amplamente.

INFORMANTE 14. Tendo en conta que eu si creo que son variedades diferentes, o que me fai elixir o galego neste caso frente ao portugués é porque

e coa lingua que me criei e a que máis coñezo xa que a variante portuguesa apenas a coñezo.

INFORMANTE 13. Eu non escoito falar a diario a xente de Chile nin de Cádiz e enténdoo, e se o galego e portugués é o mesmo idioma según a túa teoría eu debería entender o portugués porque escoito falar galego todos os días.

Si que estou de acordo en que se escoitásemos o portugués na televisión o entenderíamos mellor, pero tamén o inglés. E o mesmo para o que dis sobre as normas do portugués, se as tivera estudado desde pequeno estou seguro de que non sería analfabeto e as aprendería, pero como calquera outro idioma.

Entendo o que ti escribes ó 100%, pero tamén che digo que se eu o intento coma ti non daría posto nin a primeira palabra, nin sei utilizar os signos que pos enriba das palabras nin para que valen. Coa axuda dun dicionario eu penso que tamén che daría posto un texto en italiano e probablemente entenderías a maioría das cousas que poño, e iso que non foron a mesma lingua no pasado.

Escoito os dous audios e son moi parecidos, é certo. É o lóxico, non? a Baixa Limia e o Alto Minho están ao lado.

INFORMANTE 07. Pode que non escoites falar a diario a xente de Chile ou de Cádiz, pero si que temos interiorizada a súa maneira de falar porque a levas escoitando toda a vida. Mesmo á hora de escoitar música. E mesmo pode que as diferenzas nos acentos non estean tan agudizadas como poden ser entre a fala de Arzúa e a de Lisboa pero hai que ter en conta que tamén mesmo, entre unha persoa do Algarve e unha de Ponte de Lima, existen diferenzas. Igual que as hai entre unha persoa de Lira e unha de Foz. E sen embargo non hai tanta diferenza entre unha da Baixa Limia e unha do Alto Minho pese a, sobre a oficialidade, estar a falar dous idiomas diferentes. Por certo, tampouco están tan pegados. Creo que o Concello máis preto do Alto Minho podería ser Monção e está (segundo Google Maps) a unha hora e uns minutos en coche de Entrimo, por exemplo.

Quixen poñer o exemplo da escrita e, se cadra, aínda fixen peor. xDD Pero, vamos pensar por un momento que fosemos analfabetos e non soubésemos escribir. Nen sequera na normativa RAG. Por poñer un exemplo, esta canción é unha das máis populares en Portugal. Foi gravada por unha persoa de Aveiro e criada en Angola. Se intentamos abstraernos de todo este debate e de todo o que temos interiorizado e a escoitamos, diríamos que estamos a falar en diferentes idiomas? Non habería tantas diferenzas se esta mesma canción a cantase unha persoa do Barco de Valdeorras ou unha de Carnota?

<https://www.youtube.com/watch?v=gaLWqy4e7ls>

Por certo, é unha mágoa que, por causa do Coronavirus, a divulgación da obra e do pensamento de Carvalho Calero non vaia chegar ás escolas como debera. Agardemos que haxa oportunidade de volverlle dedicar outro Día das Letras Galegas.. :`(`

INFORMANTE 13. Non sei camarada, a min paréceme demasiado diferente na actualidade como para ser o mesmo idioma, basándome en que aínda que un idioma teña diferenzas debería ser capaz de entendelo nas súas múltiples varianzas. De todas formas creo que utilicei mal a palabra analfabeto, porque penso que analfabeto namais se pode utilizar na lingua nativa, e o portugués (en principio) non é a miña.

Fermosa canción a que puxeches, moitas grazas pola aportación, é certo que se entende case na totalidade.

Estou seguro de que llo volverán a dedicar e tanto nenos como adultos poderemos aprender máis sobre a súa aportación á lingua e literatura.

INFORMANTE 22. Eu penso que o galego e o portugués son linguas diferentes. Por esta razón, non estou de acordo con algúns dos últimos cambios promovidos dende a Real Academia Galega que, na miña opinión, nos acercan cada día máis ao portugués introducindo verbas que por exemplo, os/as nosos/as avós/avoas nunca escoitaran. Dikir que esas expresións se empregaron fai moito tempo, non me parece xustificación posto as linguas avanzas, e con ese argumento poderíamos volver todos/as ao latín. Opino que polo feito de querer afastarnos do castelán, estamos acercádonos perigosamente a outra lingua.

INFORMANTE 07. É evidente que as linguas evolucionan, mais o camiño podemos escollelo nós. Podemos, por unha banda, evolucionar para achegar a norma ás súas orixes (o galego-português) ou podemos, pola outra, evolucionar para achegala a unha lingua allea (o castelán). Existen as dúas opcións. A primeira, na miña opinión, axudaría a conservar o galego e a segunda contribuiría á súa desaparición. Na práctica, se aceptamos a invasión do castelán sobre o galego, as xeracións futuras acabarán falando, con sorte, un dialecto do castelán. Entón cando dis "estamos acercádonos perigosamente a outra lingua." eu creo que tes razón, levamos moito tempo achegádonos perigosamente ao castelán. Alén dos castelanismos que a todxs se nos escapan no noso día a día e, coido que concordamos en que empobrecen o idioma, dame a impresión de que estamos xa nunha fase, se cabe, aínda máis perigosa incorporando as construcións do castelán no galego. Non hai máis que poñer un día unha tertulia da Radio Galega para escoitar cousas como "o imos facer", "nunca o habíamos feito", "vou a ir", ou pronunciar "non é" como o faría calquer falante do castelán. Son só algúns exemplos que sempre asociamos ás cidades, pero que xa están en sitios coma Arzúa. Entón, segundo os argumentos que explicabas no teu comentario, as netas destas persoas deben falar así porque é como falaron as súas avoas.

Eu creo que debemos ter unha visión moito máis ampla do que é o idioma e non reducilo ás nosas avoas. Nin naceu con elas, nin morreu con elas. Ademais, como moito temos dúas avoas e dous avós e elas non son todo o galego, son só unha pequena parte. Temos que tratalo como o patrimonio colectivo máis valioso que temos como pobo, construído e conservado por xeracións ao longo de séculos de historia pese ao desprestixio ou á prohibición.

